

**memoria
de
xestión**

2015

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



CONTIDO

XUNTA DE GOBERNO	2
XUNTAS DIRECTIVAS	3
XUNTAS XERAIS	4
ORDINARIAS.....	4
EXTRAORDINARIAS	6
CONVENIOS	9
SECRETARÍA.....	10
ALTAS E BAIXAS.....	11
ÁREA DE VISADO	12
ÁREA DE INFORMÁTICA	14
COMISIÓN DE CONCURSOS, FORMACIÓN, CULTURA E COMUNICACIÓN	17
COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA.....	22
RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL.....	24
RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.....	26
SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS. PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES.	27
INFORME ANUAL DO SERVIZO DE CONSULTAS E RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS.....	30
AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES	31
DELEGACIÓNS.....	33
DELEGACIÓN DE A CORUÑA	34
DELEGACIÓN DE LUGO	37
DELEGACIÓN DE OURENSE	40
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	43
DELEGACIÓN DE VIGO	46
DELEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....	49
DELEGACIÓN DE FERROL	51



XUNTA DE GOBERNO

COMPOSICIÓN E SESIÓNS

Durante o exercicio de 2015, tiveron lugar eleccións para os cargos de Xunta de Goberno o día 12 de maio. Ata a toma de posesión dos novos cargos na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Ferrol o día 28 de maio, a súa composición era:

DECANO-PRESIDENTE / **ANTONIO MAROÑO CAL**
TESOUREIRO-CONTADOR / **CARLOS RODRÍGUEZ DE LA TORRE**
SECRETARIO / **JOSÉ LUÍS SANMIGUEL GUERREIRO**
VOGAL / **ELVIRA CARREGADO PAZOS**
VOGAL / **ALFREDO DÍAZ GRANDE**
VOGAL / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ LEIRA**
VOGAL A CORUÑA / **CRISTÓBAL CRESPO GONZÁLEZ**
VOGAL VIGO / **JOSÉ MANUEL ROSALES NOVES**
PRESIDENTE A CORUÑA / **CARLOS PITA ABAD**
PRESIDENTE LUGO / **RAÚL J. VEIGA LAMELAS**
PRESIDENTE OURENSE / **ALBERTO DE PAULA PRIETO**
PRESIDENTE PONTEVEDRA / **MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY**
PRESIDENTE VIGO / **ANTONIO DAVILA ALONSO**
PRESIDENTA SANTIAGO / **ANA DOMÍNGUEZ LAÍÑO**
PRESIDENTE FERROL / **RAMÓN MONTERO CEREIJO**

Logo das eleccións e da toma de posesión dos novos cargos, a composición da Xunta de Goberno quedou da seguinte forma:

DECANO-PRESIDENTE / **ANTONIO MAROÑO CAL**
TESOUREIRO-CONTADOR / **CARLOS RODRÍGUEZ DE LA TORRE**
SECRETARIO / **JOSÉ LUÍS SANMIGUEL GUERREIRO**
VOGAL / **ELVIRA CARREGADO PAZOS**
VOGAL / **BEATRIZ HERMIDA CALVIÑO**
VOGAL / **FERNANDO TABERNEIRO DUQUE**
VOGAL A CORUÑA / **CRISTÓBAL CRESPO GONZÁLEZ**
VOGAL VIGO / **SIMÓN PEREIRO LÓPEZ-QUECUTY**
PRESIDENTE A CORUÑA / **ROBERTO COSTAS PÉREZ**
PRESIDENTE LUGO / **RAÚL J. VEIGA LAMELAS**
PRESIDENTE OURENSE / **ANTONIO DE PAULA PRIETO**
PRESIDENTE PONTEVEDRA / **MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY**
PRESIDENTE VIGO / **ANTONIO DAVILA ALONSO**
PRESIDENTA SANTIAGO / **SANTIAGO GARCÍA SUÁREZ**
PRESIDENTE FERROL / **RAMÓN MONTERO CEREIJO**

A Xunta de Goberno celebrou 19 reunións no transcurso do ano 2015.

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno estivo formada polo Decano, o Tesoureiro, o Secretario, o vogal D. Alfredo Díaz Grande e o Presidente da Delegación de Vigo, Don Antonio Davila Alonso ata o 6 de xuño de 2015. Nesa data a Xunta de Goberno, na súa sesión 8/2015, acordou que a composición da Comisión Executiva pasaría a estar integrada polo Decano, o Tesoureiro, o Secretario, a vogal Dona Elvira Carregado Pazos e o Presidente da Delegación de Vigo D. Antonio Davila Alonso. Durante o ano 2015 non celebrou reunións.



XUNTAS DIRECTIVAS

As Xuntas Directivas das Delegacións estiveron conformadas do seguinte xeito:

Ata o día 28 de maio:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Carlos Pita Abad
Secretario: Dona Concepción García García
Tesoureiro: D. Jorge Meijide Tomás

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Secretario: D. Luis Díaz Díaz
Tesoureiro:

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. Alberto de Paula Prieto.
Secretario: Dona Emma Noriega García.
Tesoureiro: Dona Paula Feijoo Calviño

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay.
Secretario: D. Wenceslao López Velasco.
Tesoureira: Dona María Luisa Pierres López.

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Antonio Davila Alonso.
Secretario: D. Simón Pereiro López Quecuty.
Tesoureiro: D. Manuel Martínez Carazo.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidenta: Dona Ana Domínguez Laíño.
Secretaria: Don Santiago García Suárez
Tesoureira: Dona Idoia Camiruaga Oses.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Ramón Montero Cereijo.
Secretario: D. Santiago González Fernández.
Tesoureiro: D. José Alejandro Romero Alonso.

A partir do día 28 de maio:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Roberto Costas Pérez.
Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández.
Tesoureiro: Dona Julia Álvarez García.

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Secretario: Dona Mónica Folgueira Cobas.
Tesoureiro: Dona M^a Belén Feijó Lombao.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. Alberto de Paula Prieto.
Secretario: Dona Emma Noriega García.
Tesoureiro: Dona Paula Feijoo Calviño

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay.
Secretario: D. Anselmo Villanueva Peón.
Tesoureira: Dona María Luisa Pierres López.

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Antonio Davila Alonso.
Secretario: Dona María Mariño de Oya
Tesoureiro: D. Manuel Martínez Carazo.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidenta: Don Santiago García Suárez.
Secretaria: D. Alejandro Fernández Vázquez.
Tesoureira: Dona Carmen Rey López.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Ramón Montero Cereijo.
Secretario: Dona M^a de la Concepción Laborda Alberto.
Tesoureiro: D. José Alejandro Romero Alonso.



XUNTAS XERAIS

ORDINARIAS

28/05/2015

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Ferrol o 28 de maio, tratouse a seguinte orde do día:

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTA XERAIS PENDENTES.
2. INFORME DO ILMO. SR. DECANO.
3. MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2014.
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2014.
5. INFORME DO SR. SECRETARIO.
6. TOMA DE POSESIÓN DOS NOVOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E DAS XUNTAS DIRECTIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA.
7. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

PUNTO 1º. APROBACIÓN DAS ACTAS DA XUNTA XERAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS EN VIGO O 18 DE DECEMBRO DE 2014.

Votos a favor	131
Votos en contra	0
Abstencións	15
Total votos	146

En consecuencia, aprobouse o Punto 1º.

PUNTO 3º. APROBACIÓN DA MEMORIA DE XESTIÓN COLEXIAL DE 2014.

Votos a favor	116
Votos en contra	29
Abstencións	3
Total votos	148

En consecuencia, aprobouse o Punto 3º.

PUNTO 4º. APROBACIÓN DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2014.

Votos a favor	111
Votos en contra	30
Abstencións	6
Total votos	147

En consecuencia, aprobouse o Punto 4º.

Total asistentes á Xunta Xeral.- 34.

Total votos delegados.- 114.

Total votos.- 148.



17/12/2015

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 17 decembro, tratouse a seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN SE PROCEDER, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.
2. ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2015.
3. INFORME DO ILMO. SR. DECANO-PRESIDENTE.
4. INFORME DO SR. SECRETARIO.
5. RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN PROVISIONAL E APROBACIÓN DEFINITIVA, NO SEU CASO, DAS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2016.
6. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O EXERCICIO 2016.
7. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES CORRESPONDENTES Á XUNTA XERAL ORDINARIA CELEBRADA EN FERROL O 28 DE MAIO DE 2015 E DA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA CELEBRADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA O 6 DE OUTUBRO DE 2015.

Votos a favor 62
Votos en contra 0
Abstencións 2
Non votan 16
Total votos 90
(25 votos de asistentes e 65 votos delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

5. RATIFICAR A APROBACIÓN PROVISIONAL E APROBAR DEFINITIVAMENTE AS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2016.

Votos a favor 77
Votos en contra 10
Abstencións 3
Non votan 0
Total votos 90
(25 votos de asistentes e 65 votos delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

6. APROBAR O PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O EXERCICIO 2016.

Votos a favor 72
Votos en contra 18
Abstencións 0
Non votan 0
Total votos 90
(24 votos de asistentes e 66 votos delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.



EXTRAORDINARIAS

06/10/2015

Na Xunta Xeral extraordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 28 de maio, tratouse a seguinte orde do día:

1. INFORME DE DECANO. SITUACIÓN COAG (LABORAL E ORGANIZATIVA).
2. LECTURA E APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DAS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2016, QUE SERÁN SOMETIDAS A VOTACIÓN NA XUNTA XERAL ORDINARIA A CELEBRAR EN DECEMBRO DE 2015 PARA A SÚA APROBACIÓN DEFINITIVA.
3. INFORME E DECISIÓN SOBRE FUTURO DOS ARQUIVOS COLEXIAIS RESPECTO DA COPIA COLEXIAL EN PAPEL DOS EXPEDIENTE VISADOS POLO COAG UNHA VEZ COMPLETADO O PROCESO DE DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN COLEXIAL CONFORME AO PREVISTO NA CIRCULAR Nº 31/2015.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

PUNTO 2º. LECTURA E APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DAS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2016, QUE SERÁN SOMETIDAS A VOTACIÓN NA XUNTA XERAL ORDINARIA A CELEBRAR EN DECEMBRO DE 2015 PARA A SÚA APROBACIÓN DEFINITIVA.

Votos a favor	94
Votos en contra	7
Abstencións	8
Non votan	2
Total votos	111

(17 votos de asistentes e 94 votos delegados)

En consecuencia, aprobouse o Punto 2º.

PUNTO 3º. INFORME E DECISIÓN SOBRE FUTURO DOS ARQUIVOS COLEXIAIS RESPECTO DA COPIA COLEXIAL EN PAPEL DOS EXPEDIENTE VISADOS POLO COAG UNHA VEZ COMPLETADO O PROCESO DE DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN COLEXIAL CONFORME AO PREVISTO NA CIRCULAR Nº 31/2015.

Votos a favor	90
Votos en contra	8
Abstencións	2
Non votan	12
Total votos	112

(18 votos de asistentes e 94 votos delegados)

En consecuencia, aprobouse o Punto 3º.

PUNTO 4º. APROBACIÓN E AUTORIZACIÓN DA VENDA DOS LOCAIS TITULARIDADE DO COAG SITOS NA CIDADE DE VIGO, AVENIDA GARCÍA BARBÓN 106 (FINCA REXISTRAL 70535, 100% TITULARIDADE DO COAG E FINCA REXISTRAL 70536, 50% TITULARIDADE DO COAG EN CONDOMINIO) A D. ROBERTO NOVÁS COUSIÑO EN REPRESENTACIÓN DE "MAZENKI, SL" Á VISTA DOS TERMOS OFERTADOS E PREVISTOS NO BORRADOR DE MINUTA NOTARIAL REMITIDA E FACULTAR AO SR. DECANO PARA COMPARECER ANTE NOTARIO A FIN DE SOLEMNIZAR O CONTRATO DE COMPRAVENDA EN REPRESENTACIÓN DO COAG E PARA REALIZAR TODOS OS TRÁMITES PRECISOS A TAL FIN.

Votos a favor	106
Votos en contra	0
Abstencións	5
Non votan	1
Total votos	112

(18 votos de asistentes e 94 votos delegados)

En consecuencia, aprobouse o Punto 4º.



17/12/2015

Na Xunta Xeral extraordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 17 de decembro, tratouse a seguinte orde do día:

1. ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS DO COAG Á NORMATIVA VIXENTE E APROBACIÓN DUN TEXTO REFUNDIDO, QUE COMPRENDE:
 - APROBACIÓN DO TEXTO DAS DEBIDAS MODIFICACIÓNS DOS ESTATUTOS COLEXIAIS PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI 17/2009 DE 23 DE NOVEMBRO SOBRE O LIBRE ACCESO ÁS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E O SEU EXERCICIO (coñecida como Lei Paraugas), Á LEI 25/2009, DE 22 DE DECEMBRO, DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS LEIS PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI SOBRE O LIBRE ACCESO ÁS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E AO SEU EXERCICIO (coñecida como Lei Ómnibus) E Á LEI 1/2010 DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS LEIS DE GALICIA PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á DIRECTIVA 2006/123/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, DE 12 DE DECEMBRO DE 2006, RELATIVA AOS SERVIZOS NO MERCADO INTERIOR E DEMAIS NORMATIVA VIXENTE QUE LLES AFECTA E OUTRA NORMATIVA POSTERIOR Á DATA DA APROBACIÓN DOS MESMOS (Lei Ómnibus galega) E OUTRA NORMATIVA POSTERIOR Á APROBACIÓN DOS ACTUAIS ESTATUTOS DE 1999 (e as súas modificacións de 2008 e 2015).
 - APROBACIÓN DUN TEXTO ARTICULADO REFUNDIDO DOS ESTATUTOS QUE UNIFIQUE NUN ÚNICO TEXTO O CONTIDO DOS ESTATUTOS QUE SE ENCONTRA DISPERSO, ISTO É, ESTATUTOS DO COAG APROBADOS POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA 273/1999 DE 28 DE OUTUBRO (DOG DE 16 DE NOVEMBRO), ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS Á LEI DE SOCIEDADES PROFESIONAIS APROBADO POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA 254/2008 (DOG DE 11 DE NOVEMBRO) E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS COLEXIAIS INTRODUCINDO A POSIBILIDADE DE PARTICIPAR NA XUNTA XERAL DE FORMA TELEMÁTICA APROBADA POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA 65/2015, DE 30 DE ABRIL (DOG DE 7 DE MAIO) INCLUÍNDO AS ADAPTACIÓNS Á NORMATIVA VIXENTE REFLEXADAS NO PUNTO ANTERIOR.
 - AUTORIZAR Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE DURANTE O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO POSTERIOR DE APROBACIÓN DEFINITIVA POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA, PROCEDA A INTRODUCIR NO TEXTO APROBADO POLA XUNTA XENERAL AS EMENDAS, CORRECCIÓNS OU MODIFICACIÓNS QUE EVENTUALMENTE FORAN REQUIRIDAS AO COAG POLO CONSEJO SUPERIOR DE LOS COLEGIOS DE ARQUITECTOS DE ESPAÑA (CSCAE) NO TRÁMITE PRECEPTIVO DE INFORME PREVIO QUE DEBE EMITIR OU NO SEU CASO POLA XUNTA DE GALICIA.
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO "REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN NA XUNTA XERAL DE FORMA TELEMÁTICA" EN EXECUCIÓN DO PREVISTO NO ARTIGO 31 DOS ESTATUTOS DO COAG.
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA NORMATIVA REGULADORA E CREACIÓN DA ENTIDADE MEDIADORA DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (EMCOAG).

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

PUNTO 1º ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS DO COAG Á NORMATIVA VIXENTE E APROBACIÓN DUN TEXTO REFUNDIDO, QUE COMPRENDE:

- APROBACIÓN DO TEXTO DAS DEBIDAS MODIFICACIÓNS DOS ESTATUTOS COLEXIAIS PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI 17/2009 DE 23 DE NOVEMBRO SOBRE O LIBRE ACCESO ÁS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E O SEU EXERCICIO (coñecida como Lei Paraugas), Á LEI 25/2009, DE 22 DE DECEMBRO, DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS LEIS PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI SOBRE O LIBRE ACCESO ÁS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E AO SEU EXERCICIO (coñecida como Lei Ómnibus) E Á LEI 1/2010 DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS LEIS DE GALICIA PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á DIRECTIVA 2006/123/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, DE 12 DE DECEMBRO DE 2006, RELATIVA AOS SERVIZOS NO MERCADO INTERIOR E DEMAIS NORMATIVA VIXENTE QUE LLES AFECTA E OUTRA NORMATIVA POSTERIOR Á DATA DA APROBACIÓN DOS MESMOS (Lei Ómnibus galega) E OUTRA NORMATIVA POSTERIOR Á APROBACIÓN DOS ACTUAIS ESTATUTOS DE 1999 (e as súas modificacións de 2008 e 2015).
- APROBACIÓN DUN TEXTO ARTICULADO REFUNDIDO DOS ESTATUTOS QUE UNIFIQUE NUN ÚNICO TEXTO O CONTIDO DOS ESTATUTOS QUE SE ENCONTRA DISPERSO, ISTO É, ESTATUTOS DO COAG APROBADOS POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA 273/1999 DE 28 DE OUTUBRO (DOG DE 16 DE NOVEMBRO), ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS Á LEI DE SOCIEDADES PROFESIONAIS APROBADO POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA 254/2008 (DOG DE 11 DE NOVEMBRO) E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS COLEXIAIS INTRODUCINDO A POSIBILIDADE DE PARTICIPAR NA XUNTA XERAL DE FORMA TELEMÁTICA



APROBADA POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA 65/2015, DE 30 DE ABRIL (DOG DE 7 DE MAIO) INCLUÍNDO AS ADAPTACIÓNS Á NORMATIVA VIXENTE REFLEXADAS NO PUNTO ANTERIOR.

- AUTORIZAR Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE DURANTE O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO POSTERIOR DE APROBACIÓN DEFINITIVA POR DECRETO DA XUNTA DE GALICIA, PROCEDA A INTRODUCIR NO TEXTO APROBADO POLA XUNTA XENERAL AS EMENDAS, CORRECCIÓNS OU MODIFICACIÓNS QUE EVENTUALMENTE FORAN REQUIRIDAS AO COAG POLO CONSEJO SUPERIOR DE LOS COLEGIOS DE ARQUITECTOS DE ESPAÑA (CSCAE) NO TRÁMITE PRECEPTIVO DE INFORME PREVIO QUE DEBE EMITIR OU NO SEU CASO POLA XUNTA DE GALICIA.

Votos a favor	107
Votos en contra	0
Abstencións	0
Non votan	4
Total votos	111

(25 votos de asistentes e 86 votos delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

PUNTO 2º APROBAR O "REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN NA XUNTA XERAL DE FORMA TELEMÁTICA" EN EXECUCIÓN DO PREVISTO NO ARTIGO 31 DOS ESTATUTOS DO COAG.

Votos a favor	97
Votos en contra	10
Abstencións	0
Non votan	4
Total votos	111

(25 votos de asistentes e 86 votos delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

PUNTO 3º APROBAR A NORMATIVA REGULADORA E CREACIÓN DA ENTIDADE MEDIADORA DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (EMCOAG).

Votos a favor	104
Votos en contra	0
Abstencións	2
Non votan	5
Total votos	111

(25 votos de asistentes e 86 votos delegados)

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.



CONVENIOS

GAS GALICIA SDG, S.A. Asinado o 10/03/2015 **Obxecto:** establecer un compromiso, con carácter de convenio-marco, para programar e desenvolver actividades e servizos de asesoramento, formación ou desenvolvemento de aplicacións vinculadas ao sector da distribución do gas natural, resultado da actividade profesional dos colexiados do COAG. **Vixencia:** ata o 31/12/2015, prorrogable tacitamente por períodos dun ano natural. **Obrigas Colexio:** realización de xornadas técnicas específicas, recoñecer a Gas Galicia como copatrocinador das xornadas da súa área de interese nas que teña interese en colaborar, integrar na web colexial un banner de conexión co Portal para Promotores e Profesionais do Gas Natural Distribución dentro do apartado dedicado aos premios COAG. Non subscribir outros convenios de colaboración con entidades cuxas actividades coincidan coas que exerce con carácter principal GAS GALICIA, sen comunicación previa. **Obrigas da outra parte:** asesorar ao asociado de COAG nos diferentes usos do gas natural para a dotación enerxética dos edificios así como as aplicacións dispoñibles de alta eficiencia enerxética a gas, facilitar ao asociado de COAG os materiais informativos (características técnicas, obrigacións normativas, etc...) que comuniquen, ofrecer asesoramento técnico sobre novas aplicacións do gas natural de moi alta eficiencia, especialmente indicadas para a calefacción e climatización dos sectores residencial e terciario, patrocinará os premios COAG coa cantidade de 3.000 € e organizar Grupos de traballo sobre iniciativas de interese común.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. Asinado o 30/04/2015. **Obxecto:** colaboración no desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencias de ambas institucións. **Vixencia:** ata o 31/12/2015 prorrogándose por anualidades naturais.



SECRETARÍA

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcáronse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 19 actas, correspondentes ás respectivas sesións de Xunta de Goberno.
- Convocatoria, elaboración e envío de documentación, e control de asistencia e votacións das actas correspondentes ás Xuntas Xerais ordinarias de 28 de maio e de 17 de decembro e das extraordinarias de 6 de outubro e de 17 de decembro.

Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva. O total de sociedades de alta e activas é de 201.

Execución dos acordos recaídos nas sesións de Xunta de Goberno e Xuntas Xerais.

Tramitación de 353 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:

- o 174 altas de colexiados residentes
- o 150 baixas de colexiados residentes
- o 59 altas de colexiados habilitados

Rexistro, distribución e arquivo de 1.472 documentos (1.069 entradas e 403 saídas)

Servizos administrativos á Asesoría xurídica e resto de comisións e agrupacións colexiais.

Convocatoria, xestión da documentación e seguimento da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do Colexio, xunto coa convocatoria para o ano 2015 das listas dos membros da Agrupación e das listas dos arquitectos dispostos a actuar como peritos perante os órganos xudiciais, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Axencia Tributaria Galega. Así mesmo, no ano 2015 en virtude do previsto na Lei 15/2015 de Xurisdición Voluntaria, se elaborou unha nova lista de peritos a remitir ao Colexio Notarial de Galicia.

Por último, durante o 2015 tramitáronse 5 bolsas de emprego que correspondían cos seguintes ofertas de emprego:

- Contratación de dous arquitectos para seleccionar expedientes co obxecto da devolución aos seus autores, no local de arquivo da Delegación de Ourense.
- Oferta de traballo na que se solicita un arquitecto interesado na redacción de proxecto de demolición no Concello de Salvaterra de Miño.
- Contratación de dous arquitectos para a ordenación, rexistro e posta en funcionamento do fondo bibliográfico do COAG no local da delegación de Lugo.
- Contratación dun arquitecto para la emisión dun informe de valoración dun inmovible conforme á solicitude de Farma Consultoría e Intermediación S.L.
- Contratación dun arquitecto para realizar un derribo en Nigrán conforme á petición realizada por dito Concello.



ALTAS E BAIXAS

COLEXIADOS:

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	58
Lugo	15
Ourense	9
Pontevedra	15
Vigo	30
Santiago	13
Ferrol	4

TOTAL: 144

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	60
Lugo	9
Ourense	8
Pontevedra	14
Vigo	28
Santiago	19
Ferrol	9

147

TOTAL COLEXIADOS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	962
Lugo	243
Ourense	246
Pontevedra	300
Vigo	501
Santiago	283
Ferrol	117

2652

SOCIEDADES PROFESIONAIS

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	0
Lugo	0
Ourense	1
Pontevedra	0
Vigo	0
Santiago	0
Ferrol	0

TOTAL: 1

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	8
Lugo	3
Ourense	2
Pontevedra	3
Vigo	3
Santiago	2
Ferrol	1

22

TOTAL SOCIEDADES

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	78
Lugo	20
Ourense	15
Pontevedra	25
Vigo	35
Santiago	22
Ferrol	6

201

Arquitectos colexiados falecidos en 2015: 7

Arquitectos colexiados de honor en 2015..... 11



ÁREA DE VISADO

A información estatística sobre a actividade de visado céntrase en dous ámbitos: o da tramitación a visado e custodia de traballos profesionais e as consultas web.

Tramitación de documentos

Os documentos tramitados con entrada en 2015 ascenden a 25.809, cun tempo medio de resposta de 1,47 días e unha complexidade total de 2.041.405 unidades. Respecto a 2014, baixan os documentos tramitados (96%), manténdose a complexidade (100%) e mellorando o tempo de resposta (60%).

Documento	2013		2014		2015		2016*	
	Nº	Días	Nº	Días	Nº	Días	Nº	Días
Anteproxecto	53	1,47	36	1,47	8	1,13	4	1,50
Certificado de eficiencia energética (custodia)	148	1,14	167	1,04	122	0,94	12	0,92
Certificado de Eficiencia Enerxética	392	2,36	254	1,87	145	1,07	44	0,93
Certificado Final da Dirección de Obra	1564	4,81	1126	4,99	628	3,30	98	2,08
Certificado Final da Dirección de Obra.Parcial	39	6,38	48	5,17	44	2,68	3	1,33
Cese de/s Arquitecto/s por Encargante	33	21,88	36	4,47	40	2,40	4	0,75
Cese do/s Arquitecto/s	1843	15,65	488	5,79	528	2,30	111	1,55
Comunicación de Encomenda	179	2,70	117	2,52	102	1,38	18	1,00
Copia exacta de Certificado final de obras de edificación	9	13,22	6	36,17	1	13,00	-	-
Deslindes e Replanteos	113	1,19	103	1,26	98	1,13	20	1,00
Dilixencia (para tramitación CFO)	628	1,71	602	2,89	913	1,24	209	0,70
Documentación Seguemento Coordinación Seguridade e Saúde	612	1,61	428	1,60	489	1,43	110	1,03
Documentación Seguemento Coordinación Seguridade e Saúde (Custodia)	659	2,56	438	2,11	266	1,30	47	0,64
Documentación Seguemento Obra	7643	1,84	5528	1,92	5118	1,33	1076	1,18
Documentación Seguemento Obra (Custodia)	2669	2,94	2180	2,44	1923	1,38	429	0,78
Estudo Básico De Seguridade e Saúde	89	1,54	82	5,84	76	1,07	8	0,75
Estudo de Detalle	6	1,33	7	1,29	9	1,67	2	1,50
Estudo de Seguridade e Saúde	6	1,50	5	1,20	14	1,36	3	1,33
Estudo de Xestión de Residuos	4	1,75	1	0,00	2	1,00	-	-
Expediente de Legalización	561	1,99	511	1,76	427	1,35	102	1,28
Expediente de Legalización + Proxecto Execución	364	2,04	367	1,82	392	1,25	68	1,09
Factura do Arquitecto	147	2,35	152	1,47	88	1,15	14	1,14
Informe evaluación de edificios	2	1,00	40	1,48	61	1,26	9	1,33
Informe evaluación de edificios (custodia)	2	3,00	118	1,20	246	1,10	69	0,96
Informe Pericial (Xulgado)	39	1,00	36	0,83	23	0,91	7	1,14
Informe, dictame, peritación ou certificado	1275	1,42	1134	1,08	974	1,05	188	1,10
Inspección técnica de edificios (ITE)	229	1,13	221	1,07	195	1,05	18	1,11
Levantamento de Planos	37	1,97	42	1,55	39	1,00	1	2,00



Libro do Edificio	12	2,33	9	1,22	7	1,43	4	1,25
Medición de Terreo ou Edificación	28	1,68	22	2,09	21	1,24	9	1,11
Memoria de actividade	233	2,00	188	1,61	133	1,14	25	1,12
Memoria de obras menores	137	1,64	150	1,54	137	1,30	39	1,05
Modificacións de Certificado final de obras de edificación	26	4,00	23	4,04	15	3,27	3	1,33
Outras obras. (Certificado Final)	755	1,35	807	1,34	743	1,16	168	0,96
Parcelación / Segregación	22	1,27	16	0,94	33	1,15	5	0,60
Plan de Uso e Mantemento do Edificio	26	1,96	23	1,35	10	0,80	-	-
Plan Especial	5	1,40	5	1,40	6	1,33	-	-
Proxecto Básico	567	1,85	510	1,62	575	1,29	131	1,13
Proxecto de Demolición (con E. Básico Seguridade e Saúde)	269	1,31	313	1,07	283	1,09	69	1,20
Proxecto de Demolición (con E. Seguridade e Saúde)	19	1,63	8	1,25	4	1,00	-	-
Proxecto de Execución (fase de Básico sen visado previo)	544	2,07	553	1,97	550	1,41	135	1,17
Proxecto de Execución (completo en fase única)	6896	1,89	6441	1,74	6936	1,37	1454	1,12
Proxecto de Execución (fase de Básico con visado previo)	610	1,81	497	1,67	466	1,45	78	1,13
Proxecto de Urbanización	39	2,05	51	1,84	23	1,43	5	1,00
Proxecto Parcial de Instalacións	7	1,57	11	1,73	22	1,32	2	3,00
Renuncia do/s Arquitecto/s Técnico/s	396	12,48	218	36,86	251	8,73	57	0,51
Solicitude de Libro de Incidencias	51	7,63	237	1,44	269	1,43	44	1,00
Solicitude de Libro de Ordes	980	2,61	2079	3,18	2022	1,40	415	0,34
Solicitude de copias idénticas	39	5,97	23	8,52	13	3,92	9	0,00
Taxación / Valoración	501	0,97	383	1,03	283	0,93	63	1,19
Traballo complementario de edificación	17	1,65	12	2,58	18	1,06	4	1,50
Traballos de recoñecemento, exame de documentos, consulta	3	2,00	9	14,89	18	9,72	1	1,00
Total	31527	3,07	26861	2,44	25809	1,47	5394	1,04

**Nota: 2016 ata 28 marzo*

Consultas web

As consultas web no ámbito de visado descenden en global un 10% respecto de 2014, se ben incrementáanse nun 33% as relacionadas directamente co visado de expedientes.

Consulta	2013		2014		2015		2016*	
	Nº	Días	Nº	Días	Nº	Días	Nº	Días
Edificación	676	2,98	593	2,85	407	2,28	122	1,42
Urbanismo	155	1,27	166	1,85	104	2,15	28	1,23
Visado (Exp)	1.192	1,88	1.118	3,25	1.493	1,55	303	1,12
Visado (Gen)	566	4,25	699	4,90	339	2,31	71	1,47
Total	2.589	2,65	2.576	3,52	2.343	1,81	524	1,24

**Nota: 2016 ata 28 marzo*



ÁREA DE INFORMÁTICA

Introdución

A continuación descríbense esquematicamente os principais traballos realizados pola Área de Informática no ano 2014. Nesta exposición non se inclúen as tarefas de mantemento e soporte de sistemas ou aplicacións, así como as actividades de soporte e atención a áreas/usuarios internos.

Implantación efectiva e completa do formato dixital no visado. Novos certificados dixitais

O 16 de outubro de 2015 fíxose efectiva a posibilidade de tramitar en soporte dixital toda a documentación do visado colexial. Para iso completouse a tramitación en soporte dixital da documentación de dirección de obra, que implica aos apareladores e aos propios Colexios de Aparelladores, e realizouse unha transición ao uso exclusivo de certificados dixitais “de cidadá” (FNMT, DNIe,...) para o asinado da documentación, quedando obsoleto o “token” de visado.

Así mesmo, facilitouse o traballo colaborativo ao permitir a tramitación desde COAGEstudo dos arquivos pdf dos arquivos dos traballos profesionais con independencia da aplicación de sinatura electrónica empregada e do equipo no que esta se realice.

Tenda online. Publicacións COAG. Facturación da cota colexial e servizos complementarios.

Desenvolveuse e púxose en marcha a “tenda COAG” (tienda.coag.es), inicialmente destinada á venda das publicacións colexiais. Ao mesmo tempo, dispúxose un espazo ([issuu](#)) para ofrecer un “escaparate” ou “catálogo” dos contidos dixitais do COAG. Esta tenda “en liña” integra e automatiza en tempo real todas as operacións de contabilización e facturación, particularmente as de cargo en conta do colexiado (modalidade ata agora non existente), incrementando a eficiencia no proceso de venda.


Por outra banda, as novas funcionalidades introducidas foron aproveitadas para simplificar e axilizar os procedementos de facturación e contabilización da cota colexial e os servizos complementarios.

Posta en marcha do novo mecanismo de atención ao colexiado (ámbito tecnolóxico e de xestións online).

Co fin de facer máis eficiente e áxil a atención ao colexiado en cuestións relativas ao ámbito tecnolóxico e ás xestións “online”, habilitáronse novos mecanismos de atención baseados no rexistro telemático, no seguimento por parte do colexiado (con independencia do medio de contacto empregado por este) e no rexistro e establecemento explícito de tempos medios e máximos de atención garantidos.

Tal e como se pode apreciar nos gráficos adxuntos, desde a implantación efectiva deste novo mecanismo en agosto de 2015, a tendencia é que a canle preferente de entrada de consultas ou incidencias por parte dos colexiados sexa a telemática. Compre subliñar que a formulación da consultas por vía telemática non exclúe a utilización para o soporte do contacto telefónico ou da conexión remota directa aos equipos do estudo.

Por outra banda, automatizouse a comunicación das persoas da organización que prestan a atención ao colexiado.



Ferramentas para o soporte á formación.

Como apoio ao servizo de formación, habilitáronse novos mecanismos de automatización de xestións e procesos (recordatorios automáticos, inscrición, pagamento, xestión de xornadas técnicas,...) e implantouse a ferramenta “moodle” (moodle.coag.es) como soporte para o desenvolvemento académico dos cursos, tanto presenciais como “online”.

Paneis de xestión e cadros de mando.

Habilitouse un conxunto de paneis de control e cadros de mando que permiten á organización dispoñer dun coñecemento en tempo real dos indicadores de xestión e do seguimento da actividade (tempos de atención, visado, colexiación, formación,...), como apoio á toma de decisións de goberno e operativas; así como para o traslado da información completa e actualizada aos colexiados.



Deseño dunha plataforma para a participación telemática do colexiado nas Xuntas Xerais.

Leváronse a cabo as tarefas de análise, probas e deseño da plataforma para a participación do colexiado por vía telemática (seguimento das Xuntas, intervención no debate, voto electrónico), partindo da necesidade de facer compatibles e conciliar os requirimentos legais e estatutarios coa funcionalidade e usabilidade para o colexiado; así como co custo económico da propia plataforma implementada.

En decembro de 2015 aprobouse o regulamento para a participación por vía telemática nas Xuntas Xerais, que se porá en funcionamento en Maio de 2016.

Desenvolvemento de novas funcionalidades da plataforma de consulta de normativa técnica.



Desenvolvéronse e creáronse novos mecanismos para permitir unha permanente e directa actualización da base de datos de normativa técnica por parte dos arquitectos da Área Técnica do COAG, evitando con iso o “cuello de botella” que se producía ata entón.

Ao mesmo tempo, creáronse novas funcionalidades para a consulta por parte do colexiado: mellora na navegación, novo esquema de categorías, posibilidade de obter a normativa vixente nunha data dada. A publicación destas funcionalidades atópase pendente dun proceso de revisión de datos por parte da Área Técnica.

Automatización do selado de Entradas e Saídas no rexistro colexial.

Implementouse un mecanismo para o selado dixital da información que se introduce (entradas ou saídas) no rexistro colexial, facendo máis eficiente e económico o proceso.



COMISIÓN DE CONCURSOS, FORMACIÓN, CULTURA E COMUNICACIÓN

ESTRUTURA

As Comisión de Concursos e Formación, e de Cultura e Comunicación iniciaron o exercicio 2.015 mantendo a estrutura da do exercicio anterior, tendo como responsables a Xosé Manuel Rosales Novés (Vogal Vigo) e Cristobal Crespo González (Vogal A Coruña).

Con posterioridade ás eleccións de maio, e tras da constitución da nova Xunta de Goberno, a comisión de Concursos, Formación, Cultura e Comunicación pasou a ter como responsables a Fernando Tabertero Duque (Vogal) e Cristóbal Crespo González (Vogal A Coruña).

As principais liñas de traballo abordadas por esta comisión durante o exercicio 2.015 foron as seguintes:

I. SERVIZO DE FORMACIÓN:

Impulsose novamente a actividade formativa do Colexio a través de cursos propios, convenios con entidades externas de formación e organización de diferentes eventos e xornadas de contido técnico nas Delegacións. Definíronse os criterios para a articulación dos contidos a abordar dentro das actividades formativas do COAG, establecéndose as seguintes modalidades:

Contido	Modalidade formativa
Materias que son inherentes e específicas da arquitectura e o seu ámbito competencial	CURSOS PROPIOS CURSOS PROPIOS EN COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS (EGAP, Consello galego da Avogacía, etc)
Materias que son transversais a outras disciplinas, pero que son demandadas polos colexiados por supoñer unha mellora na súa capacitación profesional (ferramentas informáticas, habilidades, etc)	CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA (Atinne, Imasgal, etc)
Aspectos técnicos de gran especificidade relacionados coa aplicación e empleabilidade de materiais e produtos concretos vinculados ó sector da construción.	XORNADAS TÉCNICAS levadas a cabo por empresas do sector

1. CURSOS PROPIOS

1.1. Formación destinada á actualización profesional

Cursos de duración breve en los que se abordan materias relacionadas con ámbitos concretos do exercicio profesional.

En 2015, e debido ás modificacións que tiveron lugar en relación ao DB-HE do CTE, que afectan tanto á definición das esixencias como á ferramenta de cálculo recoñecida, a eficiencia enerxética dos edificios, a eficiencia enerxética nas edificacións foi un dos temas nos que se centrou a actividade formativa do COAG destinada á actualización profesional. En total, desenvolvéronse 11 cursos nos que se abordou temática desde diferentes aspectos, que ían desde as modificacións no marco legal e o seu cumprimento até o deseño de edificación sustentable e edificios de consumo enerxético case nulo. (Ferramenta unificada LIDER CALENER, Introducción ao estándar PASSIVHAUS, Edificación de baixo consumo enerxético en obra nova e rehabilitación)

Outros temas desenvolvidos neste tipo de accións formativas, por seren tamén de interese xeral, foron o **Informe de Avaliación de Edificios e a Inspección Técnica**.

En total, neste tipo de accións formativas participaron un total de **368 colexiados diferentes**, parte dos cales nos trasladaron, a través das enquisas de satisfacción que se lles fixeron chegar a súa valoración, en xeral positiva, sobre as mesmas.

1.2. Formación especializada

No ano 2015 o COAG puxo en marcha o Curso Superior de Técnico de Urbanismo que até o ano 2012 levaba a cabo a EGAP. Como principais novidades, ofreceuse un prezo moi vantaxoso para colexiados (40% de desconto sobre matrícula ordinaria) e levou a cabo unha importante actualización dos contidos do curso.

Total alumnos matriculados: **49**



De entre eles, un 80% son arquitectos

Ademais, un total de 25 alumnos non puideron dispor de praza, quedando na lista de espera.

2. CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA:

Aínda que o Colexio velou pola formación dos seus colexiados a través do deseño e impartición de accións formativas encamiñadas a mellorar a súa capacitación nas diferentes áreas da edificación e o urbanismo, preténdese incrementar o campo de actuación dos colexiados no ámbito das ferramentas informáticas e outras habilidades que, sendo transversais a outras disciplinas, complementan o ámbito competencial directo dos arquitectos, contribúen a mellorar a súa empleabilidade de cara a desenvolver a súa actividade en estudos e empresas.

Os convenios con entidades de formación externa teñen por obxecto, por tanto, facilitar aos colexiados poidan complementar a súa formación con aqueles contidos que, aínda que por non se inclúen dentro do plan de formación do COAG por facer referencia a materias que non son específicas do noso ámbito competencial, si se entende que resultan de interese para os colexiados por mellorar a súa capacitación profesional.

En 2015, establécese un marco regulador común que unifica as porcentaxes de desconto mínimos que deben aplicarse aos colexiados do COAG sobre os importes de matrícula ordinarios correspondentes a cada unha das accións formativas.

Subscríbense convenios coas seguintes entidades:

- Imasgal
- Atinne
- Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Lugo.
-

E nas condicións establecidas no convenio marco, se conveniaron accións formativas puntuais coas seguintes entidades:

- AulaDomus
- Asesorarq
- Instituto de Práctica Empresarial
- Escuela Europea de Líderes

3. XORNADAS TÉCNICAS:

Sesións informativas levadas a cabo por empresas especializadas do sector. Aínda que teñen unha finalidade comercial, as xornadas técnicas organizadas no COAG impártense sempre dende un formato docente, no que a presentación dos produtos se fundamenta nun contido técnico relacionado con esixencias xerais da normativa da edificación e impartidas por técnicos competentes.

Durante 2015, no COAG celebráronse ao redor de 40 xornadas técnicas, a cargo de diferentes empresas, ás que asistiron máis de 1.000 persoas.

II. SERVIZO DE BIBLIOTECA, DOCUMENTACIÓN E PRENSA.

No ano 2014, e por motivos organizativos e de xestión, trasladouse a Biblioteca do Colexio, ubicada ata entón na Sede Colexial, en Santiago de Compostela, á Delegación de Lugo.

III. SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

Durante o ano 2014, púxose en funcionamento o servizo de Libros-COAG, a través do que se poñen á venda unha serie de publicacións do fondo de Edicións do Colexio, a prezos reducidos.

Ao longo do ano 2015, realizáronse os seguintes traballos:

1. Finalización do proceso de colocación e clasificación dos 50.000 exemplares do fondo editorial.
2. Elaboración do ficheiro Excel coa identificación, descrición, localización, e cuantificación de todo o Fondo Editorial.
3. Campaña de Nadal 2014 coas vendas de “Sabela e as zocas máxicas”. Isto supuxo o contacto directo e persoal con 50 librarías nas sete cidades as que se lle fixo a entrega persoal dos libros e as casiñas.
4. Continuouse co proceso de centralización das publicacións das Delegacións no Almacén de Lugo.
5. Proceso de dixitalización da revista OBRADOIRO do nº 0 ao 21:
6. Proceso de dixitalización de 20 títulos esgotados.
7. Posta en marcha da tenda de Libros-COAG, no mes de Outubro, para unha maior difusión do noso fondo editorial.



8. Inicio do proceso de compra directa a editoriais de libros co obxectivo de facelos accesibles aos Colexiados cos descontos previstos e sirvan de apoio para a difusión das nosas publicacións.

Ao finalizar o ano, cumpriuse o obxectivo de vendas previsto de 12000 €. Cos beneficios obtidos desde a posta en marcha do servizo en outubro de 2014, cubríronse os gastos asociados ao traslado do Fondo Editorial desde o Almacén de Meixonfrio (-12057,85 €), iniciándose o ano 2016 cun saldo positivo de 2891,22 € no servizo de LibrosCOAG.

Outros datos de interese:

- 207 Colexiados xa fixeron operación de compra de libros.
- 16 compras de NON Colexiados, das que 9 son resultado da posta en marcha da tenda OnLine
- 500 operacións de venda de libros aproximadamente desde outubro de 2014
- 50 contactos e vendas con librarías de Galicia nos que se puxo á venda "Sabela e as zocas máxicas". Algunha dela xa esta facendo compra doutros libros do fondo editorial

PROPOSTA de Traballo a realizar:

1. Mantemento da tenda LibrosCOAG
2. Continuar co proceso de dixitalización dos Obradoiros, do nº 22 ao 28
3. Continuar co proceso de dixitalización dos libros esgotados
4. Continuar coa oferta de lotes de libros
5. Continuar coa difusión do Fondo Editorial
6. Continuar coa compra directa a editoriais de títulos de interese
7. Acceso a fondo de publicacións de Organismos (Fundacións, Deputacións, Concellos, Xunta, MOPU,...) co obxectivo de acceder a título de interese para a difusión a través de LibrosCOAG.

Anexo:

O cargo adscrito a LibrosCOAG de -12057,85 € correspondentes ao traslado e organización do almacén en Lugo e posta en marcha da WEB + o 22% de gastos xerais, xa se compensaron neste ano 2015, tendo un saldo positivo de 2891,22 €. O total de vendas sen IVE no 2014 (desde Outubro) e 2015 e de 6529,35 (2014) + 12462,09 (2015) = 18991,43 € cun beneficio de 14949,07 € dos que 12057,85 € foron destinados a compensar os gastos de traslado.

A decisión de trasladar o almacén de Cultura (Meixonfrio) a Lugo supuxo ao COAG a posta en marcha do servizo LibrosCOAG + un aforro en alugueres de 17x500= 8500 € + 14949,07 € de beneficio por venda de libros (feito o desconto del 22% de gastos xerais) -12057,85 € de gastos de Traslado. Se consideramos que o custo total real del traslado de Meixonfrio e organización e montaxe do almacén en Lugo esta nuns 20000 €, comezamos a cero no ano 2016 con LibrosCOAG funcionando.

IV. CULTURA

O luns 5 de outubro celebrouse o **Día Mundial da Arquitectura**, que nesta edición tivo como lema "Arquitectura, Construción, Clima", co fin de poñer en valor o papel da arquitectura, deseño e urbanismo na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro .

O Colexio de Arquitectos de Galicia, a través das súas sete Delegacións, organizou unha serie de actividades co obxectivo de levar aos cidadáns esta celebración, invitándoos a participar nos actos que se celebraron en cada unha das cidades.

Alén diso, cada unha das delegacións complementou a semana con actividades diversas.

Fallo e entrega dos XVI Premios COAG de Arquitectura

O 27 de febreiro de 2015 de decembro reúnese o xurado dos XVI Premios de Arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que estivo integrado por:

- Presidente: O Ilmo. Sr. Decano do COAG Don Antonio Maroño Cal
- Vocais: Dous arquitectos de recoñecido prestixio. Don Antonio Miranda Regojo e Don Joao Mendes Ribeiro.
- Representante da ETSA de A Coruña: Don Alfredo Freixedo Alemparte
- Secretario: Presidente da Comisión de Cultura ou membro da Xunta de Goberno Don Cristóbal Crespo González.

Tanto a composición do xurado e a información relativa á entrega de premios publicouse na [circular colexial nº 5](#), de 27 de febreiro.

As propostas presentáronse en soporte integramente dixital, a través da plataforma web habilitada ao efecto, na que se realizaron unha serie de melloras en relación á edición anterior. En total, 9 propostas foron premiadas e outras 17 finalistas. O Premio á Traxectoria Profesional foi adxudicado a Manuel Gallego Jorroto.

As propostas premiadas publicáronse na plataforma web de presentación.

A entrega dos premios tipo lugar o venres día 13 de marzo ás 20:00, no Auditorio da Sede Afundación, en Vigo.

Outras actividades



DOCOMOMO IBÉRICO. O Colexio segue participando nas reunións do Organismo Internacional. D. Fernando Agrasar Quiroga é o Delegado do Colexio para as relacións con este Organismo.

V. CONCURSOS, CONVENIOS E COMUNICACIÓN

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos, así como realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que se consideren oportunas, ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei. Todo iso segundo establécese en:

- O texto consolidado da Lei estatal 2/1974 estatal de 13 do febreiro sobre Colexios profesionais, e da Lei 11/2010 autonómica de 18 do setembro, e
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 293/1999.

Así nesta liña de actuación, con coñecemento do Decanato e da Secretaría colexial, así como co propio saber a través de xunta de goberno colexial, dos responsables desta área, que tralas eleccións de 12 do maio de 2015, ademais de Cristóbal Crespo González (vocal da Coruña) que xa viña exercendo como tal, sumóuselle Fernando Tabernero Duque (vocal libre), realizáronse as seguintes actuacións:

A. ÁMBITO DE CONCURSOS

Neste exercicio realizáronse as seguintes accións:

- Seguimento dos concursos que obran na plataforma de concursos públicos do CSCAE, sobre os cales o COAG ten establecido convenio para ofrecelo baixo subscripción aos seus colexiados.
- Redacción de convenio e bases dun concurso a nivel de anteproxectos, para a construción dun edificio administrativo público para albergar os servizos da policía local, de protección civil e bombeiros do concello de Ferrol, (finalmente non convocado debido ao cambio da corporación municipal).
- Redacción de convenio para o concurso nivel de anteproxecto, para a remodelación da praza de armas do concello de Ferrol.
- Proposta de convenio para a convocatoria dun concurso de ideas na contorna da igrexa de santa María a Maior en Verín.
- Achegamento do COAG dos SSTT da universidade de Santiago para a convocatoria dun concurso de anteproxectos de novo edificio da facultade de medicina.
- ou Velar pola transparencia dos concursos convocados polas diferentes Administracións.

B. ÁMBITO DE CONVENIOS

Realizáronse as seguintes propostas de Convenio, xunto coa asesoría xurídica colexial:

- Borrador de Convenio entre a consellería de cultura, educación e ordenación universitaria dá Xunta de Galicia e o COAG, para o depósito do fondo documental de traballos profesións propios, no arquivo histórico de Galicia.
- Borrador de Convenio entre o Instituto galego de consumo da Xunta de Galicia e o COAG sobre información, formación e asesoramento en materia de consumo.
- Borrador de Convenio marco de colaboración entre a Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, a consellería de infraestrutura e vivenda, e o COAG, sobre información, formación e asesoramento en materia de contaminación acústica (novo Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia. DOG 3/08/2015).
- Borrador de Convenio de colaboración entre a consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, e o COAG para a realización de diferentes actuacións documentais e de mellora de eficacia técnica, nos centros educativos das catro provincias galegas, dependentes da Xunta de Galicia. O cal, á súa vez componse de:
 - Elaboración e proposta dunha proposta de imaxe corporativa única para os diferentes centros educativos galegos:
 - Realización dunha identificación e definición dun elemento icónico, para desenrolar tras un concurso de ideas.
 - Elaboración e deseño dunha ficha base xeral descritiva para os centros educativos.
 - Revisión dos listados e comprobación dos datos, definindo as diferentes tipoloxías, de acordo coas unidades técnicas da Xunta de Galicia.
 - Elaboración dunha proposta de solución construtiva de reparación a modo de vademecum, para cada unha das tipoloxías educativas dos colexios públicos.
 - Convocatoria dunha bolsa de traballo para a cumprimentación das fichas de todos os centros educativos propiedade da Xunta de Galicia das catro provincias galegas.



C. ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

Desde o mes de agosto do ano 2015, restableceuse a confección e posterior envío aos Colexiados que estean de alta no servizo de Colexión de Normativa, do informe daquela normativa de interese para a profesión, publicada diariamente no D.O. de Galicia, no B.O.E. e nos BOP's provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Así se realizaron as seguintes comunicacións a los Colexiados adscritos a este servizo Colexial:

- Agosto de 2015: Comunicado o 11/09/2015
- Setembro de 2015: Comunicado o 01/09/2015
- Outubro de 2015: Comunicado o 05/11/2015
- Novembro de 2015: Comunicado o 01/12/2015
- Decembro de 2015: Comunicado o 12/01/2016

Ademais realizouse con carácter retroactivo o informe mes a mes, daquela lexislación e normativa de interese acontecida entre os meses de xaneiro a xullo de 2015, así como de todo o ano 2014. Todos os informes obran no seguinte enlace da web Colexial: <http://www.coag.é/normativa/gl/default.asp>

Entre outras, no ano 2015, destaca a publicación da lexislación seguinte:

- Programa de rexeneración do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, a rexeneración e renovación urbana 2013-2016. Orde da CMATI de 9 de marzo de 2015. DOG 17/03/2015
- Modificación dos estatutos do COAG. Decreto 65/2015, do 30 de abril, polo que se aproba a modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. DOG 07/05/2015
- Refundido da lexislación industrial de Galicia. Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro da consellería de industria. DOG 09/07/2015
- Lei 21/2015, de 20 do xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 do novembro, de Montes. BOE 21/07/2015
- Decreto da CMATI 106/2015, do 9 de Xullo, sobre contaminación acústica de Galicia. DOG 3/08/2015
- Lei 37/2015, de 29 do setembro, de estradas estatais. BOE 30/09/2015
- Lei 6/2015, de 7 de agosto, pola que se modifica a Lei 8/2013, de 28 do xuño, de estradas de Galicia. BOE 23/09/2015
- Lei 38/2015, de 29 do setembro, do sector ferroviario. BOE 30/09/2015.
- Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo cal modifícanse determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. BOE 5/09/2015
- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 do outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Chan e Rehabilitación Urbana. BOE 31/10/2015
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. BOE 02/10/2015
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. BOE 02/10/2015
- Resolución de 14 do setembro de 2015, da dirección xeral de política universitaria, pola que se publica o acordo do consello de Ministros de 4 de setembro de 2015, polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de cualificacións para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Arquitecto. BOE 2/10/2015

Ademais, neste ano procedeuse á actualización das fichas da IUM (información urbanística municipal), as cales recompilan información dos 315 municipios das 4 provincias galegas, actualizado os datos anteriores dispoñibles de abril de 2011, referente o planeamento vixente, en tramitación, dos seus técnicos municipais, así como datos xerais do mesmo en cada un dos municipios de Galicia.



COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Composición:

Vogais responsables de Xunta de Goberno: Elvira Carregado Pazos, Alfredo Diaz Grande (ata o 28 de maio de 2015) e Beatriz Hermida Calviño (a partir de xuño de 2015).

Responsable de apoio do COAG : Cristina López Eimil, arquitecta de visado.

En data 12 de maio de 2015 se celebran eleccións a Xunta de Goberno, as que non concurre o vogal Alfredo Diaz Grande, resultando reelegida a vogal Elvira Carregado Pazos, que segue a ser responsable de esta Comisión xunto coa vogal Beatriz Hermida Calviño.

Anteproxecto de Lei do Solo de Galicia

O 15 de decembro de 2014 o documento final contendo as suxestións a dito Anteproxecto elaborado polo grupo de traballo do COAG, aprobado por Xunta de Goberno, xunto cun anexo dos textos aportados por cada unha das Delegacións foi enviado á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

O día 26 do mes de Xaneiro de 2015 celebráronse reunións cos grupos do Parlamento galego. O programa de ditas reunións foi o seguinte:

- Grupo Mixto: luns 26/01 a las 12:00 horas
- Partido Popular: luns 26/01 a las 13:00 horas
- AGE: luns 26/01/ a las 16:00 horas
- BNG: luns 26/01/ a las 17:30 horas
- PSOE: luns 26/01 a las 13:00 horas

A estas foran convocados representantes de tódalas delegacións (directivos ou representante da Comisión de Urbanismo de cadansúa), finalmente asistiron o decano, Antonio Maroño, o presidente da delegación de Vigo, Antonio Davila , e os comisionados de Xunta de Goberno en esta área, Elvira Carregado e Alfredo Díaz, acompañados polo integrante do grupo de traballo Javier Rivas.

Con data 6 de marzo celebrouse unha reunión ca Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o decano e os presidentes das 7 delegacións do COAG. Por parte da Consellería fáiselles entrega das consideracións sobre o documento que presentou o Colexio en decembro de 2014, co compromiso de remitirles, en contestación, documento refundido que exprese a opinión colexial.

Se convoca á Comisión de Planeamento o mércores día 11 de marzo 2015.

Curso Urbanismo COAG/EGAP

Durante os primeiros meses do ano preparouse o programa e o convenio coa EGAP para a realización do curso de Urbanismo, contouse coa traballo do Secretario Colexial Jose Luis Sanmiguel Guerreiro , O Tesoureiro Carlos Rodriguez de la Torre, a arquitecta de visado Rocio Lamas Pérez Cepeda e os directores do curso Juan Raposo, Ignacio Soto e Elvira Carregado Pazos.

O programa do curso estruturase en tres módulos temáticos:

Módulo I: A escala territorial (56 horas teóricas e 56 horas prácticas), Módulo II: O planeamento urbanístico (36 horas teóricas e 36 horas prácticas), Módulo III: Xestión E disciplina urbanística (60 horas teóricas y 44 horas prácticas) e un módulo de Talleres (Módulo IV) transversal.

Realizouse unha enquisa para valoración do interese por el curso entre os colexiados e os posibles horarios do curso.

A EGAP publicou a convocatoria ano DOG de data 5 de agosto , iniciándose o prazo de matricula que remataba o 17 de setembro , cunha extraordinaria acollida. O curso iniciouse o 1 de outubro e estase a realizar dende esa data.



Anteproxecto de Lei do Patrimonio Cultural de Galicia

Celebrouse unha reunión de traballo o día 20 de maio de 2015, con responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ca presenza do Conselleiro Román Rodríguez González, o secretario Xeral Técnico Jesús Oitavén Barcala e a Directora Xeral de Patrimonio Cultural María del Carmen Martínez Ínsua, o de Decano do COAG Antonio Maroño Cal e os Vogais de Xunta de Goberno Alfredo Díaz Grande, Xose Manuel Rosales Noves, Elvira Carregado e Cristobal Crespo.

Os Representantes da Consellería expuxeron as ideas estratéxicas base do texto articulado que nun prazo duns 15 días, colgaran na súa web e abriran o prazo de alegacións e suxestións.

Foi publicado no DOG o 8 de xuño o Anuncio de exposición pública do anteproxecto de Lei do patrimonio cultural de Galicia, enviouse a documentación os grupos de traballo e realizáronse dúas reunión en Sede con asistencia dos responsables e coordinadores dos grupos de traballos para poñer cuestións en común o 29 de xuño e outra o 2 de xullo na que se realizou unha lectura comentada do documento resumo, realizado sobre a base de documentos que foran xa aportados polos grupos de traballo das diferentes delegacións.

O 8 de xullo remitiuse documento de alegacións e suxestións á Consellería.

Planeamento urbanístico: información

Mensualmente publicase información na web colexial que inclúe relación do planeamento urbanístico aprobado definitivamente e aprobado inicialmente, segundo consta no Diario Oficial de Galicia, DOG e nos Boletíns Oficiais da A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, incluíndo os Plans con trámite de Avaliación Ambiental Estratéxica aberta, publicados na web da Xunta de Galicia.

Sobre Xurado de Expropiación de Galicia

A Xunta de Goberno do COAG nomeou como representantes do mesmo perante o Xurado de Expropiación de Galicia a Roberto Caride Fernández Colexiado 3.133 e Alberto de Paula Prieto ,na sesión 6/2014 de 23 de abril, sendo publicado no DOG nº89 de data 12 de maio de 2014

Dende o seu nomeamento, ambos arquitectos participaron tanto na sección 1 de valoración do XEG das distintas pezas (fincas expropiadas) que tiveran a consideración de situación básica urbanizada de acordo ao Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo (en diante TRLS); como nos plenos do XEG nos que se deciden os acordos en relación ás propostas das distintas seccións de valoración.

De acordo ao anteriormente exposto, o COAG participou mediante representante nas seguintes convocatorias: - convocatorias da sección 1 de valoración de predios en situación básica urbanizado de acordo ao TRLS de datas: 22/01/15, 5/02/15, 5/03/15, 19/03/15, 2/04/15, 16/04/15, 30/04/15, 14/05/15, 28/5/15, 25/06/15, 9/07/15, 23/07/15 e 12/09/15, 02/10/15, 15/10/15, 29/10/15, 12/11/15, 26/10/15, 10/12/15. -convocatorias dos plenos do XEG de valoración das propostas de valoración de predios en situación básica rural e urbanizado de acordo ao TRLS de datas: 29/01/15, 12/02/15, 12/03/15, 26/03/15, 9/04/15, 23/04/15, 7/05/15, 21/05/15, 4/06/15, 2/07/15, 16/07/15, 30/07/15 e 17/09/15, 08/10/15, 22/10/15, 05/11/15, 19/11/15, 03/12/15, 17/12/15.

Asemade, dende decembro de 2014, os membros do Xurado consideraron oportuno que todos os membros recibisen as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referidas aos acordos do Xurado para o seu oportuno estudo e consideración de selo caso. Durante o ano 2015 recibíronse un total de 204 sentenzas.



RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

A 31 de decembro de 2015 o capital humano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia componse de 20 traballadores en plantilla. Dos cales 1 corresponde a persoal de limpeza, polo que os 19 restantes desenvolven toda a actividade e prestan os servizos que a organización ofrece.

Durante este exercicio producíronse un total de 5 baixas de empregados.

No ano 2015 continuou aplicándose o ERE de redución horaria iniciado o 1 de xullo de 2013 o cal rematou en xullo de 2015. Polo cal ata esa data, se aplicou unha redución da xornada laboral dos traballadores do Colexio de 35 a 25 horas. A xornada de 35 horas recuperouse trala terminación do devandito ERE de redución horaria.

A principios de 2015 denunciouse o convenio laboral que se viña aplicando no Colexio desde o ano 2009.

Durante o ano 2015 celebráronse varias reunións cos traballadores da empresa.

O 26 de novembro de 2015 asinou se un novo convenio colectivo que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Conforme ao anterior, a 31 de decembro de 2015 o persoal distribúese segundo o seguinte gráfico:





Persoal por centro de traballo e área_31/12/2015

OFICINAS CENTRAIS		8
José Luis Baltasar Hormigos	Área de Secretaría (1)	
María Esperanza Malvido Pose	Área de Asesoría Xurídica (1)	
Jose Manuel Torres Ferreiro Manuel Ángel da Cruz Blanco Manuel Dapena Sieiro	Área de Informática (3)	
Rocío Lamas Pérez-Cepeda	Área Técnica (1)	
María Teresa Cambón Cundíns Mikel Capeáns Pensado	Área de Finanzas (2)	

DELEGACIÓN DE A CORUÑA		3
Antonio Freire Romero Pedro Díaz Sanjurjo	Área Técnica	
María del Carmen Pérez Ponte	Limpieza	

DELEGACIÓN DE LUGO		2
Cristina López Eimil Álvaro Sánchez Rábade	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE OURENSE		1
Manuela Rodríguez Ojea	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA		2
Julia Chamosa Martín ⁽¹⁾	Área Técnica	
Alberto Escobar Molinero	Deontoloxía	

DELEGACIÓN DE VIGO		2
Anxo de la Puente Fernández	Área Técnica	
Esther Hernández Pérez		

DELEGACIÓN DE SANTIAGO		1
Enrique Urdiales de Santiago ⁽²⁾	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE FERROL		1
Eduardo Alonso Lois	Área Técnica	

⁽¹⁾ A partir do 20 de outubro de 2014 pasou a prestar servizo presencialmente na Delegación de Vigo os martes e xoves. Os restos dos días da semana presta servizo na Delegación de Pontevedra.

⁽²⁾ A partir do 20 de outubro de 2014 pasou a prestar servizo presencialmente na Delegación de Ourense os luns e martes. Os restos dos días da semana presta servizo na Delegación de Santiago.



RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Retribución anual fixa.

Durante o ano 2015 seguíronse aplicando as mesmas retribucións para os membros de Xunta de Goberno / Xuntas Directivas:

- O Decano, Secretario e Tesoureiro da Xunta de Goberno tiveron una retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Decano	24.000,00 €
Secretario	17.000,00 €
Tesoureiro	17.000,00 €
Total	58.000,00 €

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno terán unha retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Vogal	6.600,00 €
Total 5 vogais	33.000,00 €

- As Xuntas Directivas terán unha retribución conxunta e fixa anual de:

Delegación	Retribución
Xunta Directiva A Coruña	22.000,00 €
Xunta Directiva Lugo	19.000,00 €
Xunta Directiva Ourense	19.000,00 €
Xunta Directiva Pontevedra	19.000,00 €
Xunta Directiva Vigo	22.000,00 €
Xunta Directiva Santiago	19.000,00 €
Xunta Directiva Ferrol	19.000,00 €
Total Xuntas Directivas	139.000,00€

A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente, ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Establécese un importe fixo de 25 euros por día e asistente en concepto de manutención para a asistencia a xuntas de goberno.

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do seu cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.

2. Compensación de gastos.

Na compensación de gastos se cubriron exclusivamente os gastos nos que se incorrera con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,19 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

Para efectuar o reembolso de los gastos, foi necesaria a súa previa xustificación.



SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS. PROCEDIMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES.

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é ordenar o exercicio profesional no marco das Leis, velar pola observancia da deontoloxía e das incompatibilidades no exercicio da profesión, así como o respecto debido aos dereitos dos cidadáns.

Concretamente este Colexio profesional está obrigado a velar pola Deontoloxía profesional, segundo restablecen e desenvolven as seguintes referencias legais:

- A Lei estatal 2/1974 estatal do 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, modificada expresamente pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, nos seus artigos 2, 11 e 12.
- A Lei 11/2010 autonómica do 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, de 11 de febreiro, nos seus artigos 10, 10ter, 10 quater, 20 e 26.
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 293/1999, no seus artigos 5, 6, 8, 16, 17, 60 e 69
- As Normas Deontolóxicas de Actuación Profesional dos Arquitectos na súa profesión, aprobadas pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno dos Colexios de Arquitectos en sesión de 7 e 8 de maio de 1971, e revisado na do 22 de novembro do mesmo ano, con última modificación parcial, para a súa adaptación aos Estatutos Xerais, aprobada pola Asemblea Xeral do Consello Superior do 28 de novembro de 2003.
- A Guía de procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios nos Colexios de Arquitectos, aprobada pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno do 30 de novembro de 2001, con modificacións aprobadas pola Asemblea Xeral Ordinaria do Consello Superior de Arquitectos de España do 27 de novembro de 2009.

Para a consecución destes fins o Colexio exerce entre outras, funcións de ordenación que eviten o intrusismo profesional, velando pola ética e a dignidade da profesión, tanto nas relacións recíprocas entre Arquitectos, coma nas destes cos seus clientes, ao tempo que exerce a potestade disciplinaria sobre os Arquitectos que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais coma deontolóxicos.

Así mesmo e en virtude das modificacións legislativas das Leis ómnibus estatal e galega, que regulan a actividade dos Colexios Profesionais en aplicación da Directiva Comunitaria de liberalización do sector servizos, tamén é obriga dos Colexios Profesionais resolver as queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos seus colexiados, tanto si se presentan por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun arquitecto, coma a través de asociacións e organizacións de consumidores e usuarios en representación ou defensa dos intereses destes, instruindo, cando proceda e por parte dos órganos colexiais competentes, os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios.

Para apoiar e asistir, en maior medida, o labor do Colexio de Arquitectos nestes fins e funcións, a Xunta de Goberno, no seu día, na súa Sesión n.º 4/2012 do 26 de marzo de 2012, considerou oportuno o establecemento e posta en marcha do SERVIZO DE DEONTOLOXÍA COLEXIAL.

Posteriormente e segundo acordo da Xunta de Goberno nº 14/2012 de 5 de novembro, aprobouse o Regulamento que o ordena.

Segundo ese mesmo acordo, e de acordo o artigo nº 3, o responsable da Xunta de Goberno nesta área, tras as eleccións de 12 do maio de 2015, cesou o anterior responsable D. Xosé Manuel López Leira, segundo acordo publicado na circular colexial nº 47 de 11 do setembro de 2013. Polo tanto a partires de esta data o servizo organizouse como de deseguido se di:

Comisión Deontoloxía e Asuntos Profesionais.

- Responsable: Simón Pereiro Quecuty (Vogal)
- Persoal do Colexio de apoio: Alberto Escobar Molinero



Todo elo con o apoio da asesoría xurídica colexial.

Tal e como di o apartado 2 do artigo 10 do Texto consolidado da Lei 2/1974, de 13 do febreiro, sobre Colexios Profesionais, no ano 2012 creouse na páxina web corporativa colexial un apartado para este servizo, que contaba coa seguinte información: Presentación | Normas | Regulamento | Procedemento | Informes de actividade | impreso de reclamacións

A día de hoxe, tras a renovación da web colexial, alóxase en: <http://portal.coag.es/deontoloxia/>

Estando os Códigos deontolóxicos aloxados, dentro do panel de servizos da web colexial no seguinte apartado: http://www.coag.es/documentos/privado/profesion/visado/normas_deontologicas.pdf

Ademais segundo establece o artigo 11 do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais nos seus apartados , c), d), deseguido apórtase:

- Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta se é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se é o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

• INFORMACIÓN ESTADÍSTICA

No ano 2015 este Servizo realizou a actividade que se concreta sucintamente en: (*)

POR EXPEDIENTES

Abríronse 10 expedientes. Deles:

1º	De inicio	07
2º	De resolución	06
3º	Acordo Xunta de Goberno	06
4º	Pendente resolución	02
5º	Pendientes Xunta de Goberno ou Directiva	01
6º	Previos (sen continuidade)	01

POR COLEXIADOS AFECTADOS

Foron afectados 11 colexiados. Deles:

CO	Da delegación da Coruña	02
LU	Da delegación de Lugo	01
OU	Da delegación de Ourense	01
PO	Da delegación de Pontevedra	01
VI	Da delegación de Vigo	04
SA	Da delegación de Santiago	02
FE	Da delegación de Ferrol	00
S/I	Sen identificar polo denunciante	00
O/Coas	Doutros COA's	00
O/Oprof	A Outros profesionais	00



POR TIPO DE SUPOSTA INFRACCIÓN DEONTOLÓXICA

Foron identificadas 14 supostas infraccións. Delas:

II	Nas formas de exercer a profesión polo arquitecto	02
III	Nas obrigacións xerais do arquitecto	03
IV	Nas súas incompatibilidades	01
V	Nas relacións do arquitecto cos clientes	03
VI	Nas relacións do arquitecto cos contratistas e industriais	00
VII	Nas relacións do arquitecto con outros profesionais que actúen como conselleiros técnicos ou como colaboradores	01
VIII	Nas relacións entre arquitectos	02
IX	Nas relacións do arquitecto co Colexio	01
X	Outras. Incumprimento Colexiación obrigatoria	00
	Outras. Titulación habilitante	00
	Outras. Suposta falsificación	01

POR LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

Foron identificadas actuacións que se vinculan con 10 municipios galegos. Deles:

CO	Da provincia da Coruña (A Coruña; Ferrol; Negreira; Oroso)	04
LU	Da provincia de Lugo (Monforte de Lemos)	01
OU	Da provincia de Ourense (Boborás)	01
PO	Da provincia de Pontevedra (Gondomar; O Grove; Pontevedra; Vigo-2-)	04

POR TIPO DE DEMANDANTE

I	Por persoa xurídica	00
II	Por persoa física	03
III	Por arquitecto colexiado	03
IV	Pola Administración	00
V	Por Comunidades de propietarios	01
VII	Pola Xunta de Goberno/Directiva do COAG ou pola organización interna	02
VIII	Por outros profesionais	01

(*) Un mesmo expediente pode afectar á vez a diferentes aspectos, polo que o sumario dos diferentes apartados poden non ser concordantes

- **ACORDOS E FIRMEZA**

No ano 2015 a Xunta de Goberno:

- Abriu dous novas dilixencias previas debido que detectáronse posibles infraccións deontolóxicas referidas as formas de “exercer a profesión”, e outra por posible “falsificación dos selos colexiais”.
- Deu conta da comunicación da Fiscalía debido a unha denuncia por posible fraude denunciada por unha colexiada.
- Arquiváronse xustificadamente catro denuncias

- **INCOMPATIBILIDADES E POSIBLES SITUACIÓNS DE CONFLITO DE INTERESES**

De acordo o punto f) do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, manifestar que con respecto as Normas sobre incompatibilidades e posibles situacións de conflito de intereses en que poidan encontrarse os membros das Xuntas de Goberno, no ano 2015 non producíronse cuestións desta índole.



- **MODIFICACIÓN DOS CÓDIGOS DEONTOLÓXICOS**

Na liña establecida no apartado e) de dita Lei, dicir que no ano 2015, aprobouse un novo Código Deontolóxico dos Arquitectos, ratificado pola Asemblea Xeral do Consello Superior dos Arquitectos de España, o día 20 de novembro de 2015 e que entrará en vigor o próximo día 20 de novembro de 2016.

O novo Código vén substituír ás vixentes normas deontolóxicas que, con lixeiras modificacións, databan de 1971. Nestes 45 anos producíronse profundas transformacións na sociedade no seu conxunto, e no ámbito particular da nosa profesión, que obrigaban a unha revisión integral do corpo normativo regulador da conduta profesional dos arquitectos. O mesmo fixa un modelo de exercicio para o conxunto da profesión e especialmente para a masa de novos titulados que se enfrontan a un horizonte moi difícil e falto de referencias. Garda sintonía cos textos homólogos dos países europeos máis importantes no campo da organización institucional da arquitectura, e resulta imprescindible para exercer como arquitecto con coñecemento de causa.

INFORME ANUAL DO SERVIZO DE CONSULTAS E RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS



AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

A Xunta Directiva da Agrupación de Peritos e Forenses durante o ano 2015 estivo constituída polos seguintes integrantes:

D. Carlos Alvira Duplá	Presidente e representante da Delegación de Pontevedra
D. Fernando M. Taberero Duque	Secretario e representante da Delegación de Santiago
D. Antonio Alfeirán Espinosa	Tesoureiro e representante da Delegación de A Coruña ⁽¹⁾
D. Antonio Rodríguez Domínguez	Vogal en representación da Delegación de Lugo
D. José Antonio Piñeiro García	Vocal en representación da Delegación de Ourense ⁽²⁾
D. Andrés Touceda Gómez	Vocal en representación da Delegación de Vigo
D. Antonio Casal Fernández	Vocal en representación da Delegación de Ferrol
D. César Jiménez López	Vocal con voz pero sen voto

⁽¹⁾ O 19 de xuño prodúcese a súa dimisión como representante da Delegación da Coruña e Tesoureiro da Agrupación

⁽²⁾ A partir do 19 de xuño substitúe a Antonio Alfeirán Espinosa como Tesoureiro da Agrupación.

No exercicio **2015** son membros da Agrupación **196 colexiados**, de acordo coa seguinte distribución:

Delegación de A Coruña	45 membros
Delegación de Lugo	25 membros
Delegación de Ourense	19 membros
Delegación de Pontevedra	29 membros
Delegación de Vigo	47 membros
Delegación de Santiago	22 membros
Delegación de Ferrol	19 membros
TOTAL	196 membros

En 2015 a Agrupación do Arquitectos Peritos e Forenses do COAG (AAPF) continuou coa súa actividade habitual, tentando proporcionar a todos os colexiados, membros ou non da Agrupación, a axuda necesaria para o desempeño das funcións como arquitectos dentro do ámbito pericial.

A Xunta Directiva efectuou un total de catro reunións ao longo do ano natural, todas elas celebradas na sede do COAG, en Santiago de Compostela, nas que ademais dos asuntos de trámite abordáronse os temas previstos. De entre eles recóllense a continuación algúns dos máis significativos:

- 28 de xaneiro
Se debate sobre as X Xornadas conxuntas do CSCAE co Consello Xeral do Poder Xudicial, que nesta ocasión celebráronse en Almería durante os primeiros días do mes de xuño.
- 19 de xuño
Tómase coñecemento da dimisión do representante da Delegación da Coruña, Antonio Alfeirán Espinosa. Como ostentaba o cargo de tesoureiro da Agrupación, tómasse a decisión de nomear como substituto neste cargo ao representante da Delegación de Ourense, José Antonio Piñeiro Carreira.
- 8 de outubro
Se debate sobre os orzamentos da Agrupación, as listas de peritos que se envían aos xulgados. Acórdase solicitar á Xunta de Goberno do COAG que convoque eleccións para a designación do representante da delegación da Coruña, así como a designación do seu representante na xunta directiva da Agrupación
- 3 de decembro
Trabállase na organización do curso de iniciación á práctica pericial, que se tentará celebrar tan pronto como sexa razoablemente posible.

Pola súa banda, o Presidente, Carlos Alvira Duplá, na súa calidade de representante da AAPF do COAG ante a Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España (UAPFE), e membro da súa Xunta Directiva, asistiu a cinco reunións da citada Xunta Directiva, que se celebraron todas elas en Madrid, nas que se debateu e tomaron acordos con respecto a diversos asuntos, entre os que se sinalan:

- 16 de xaneiro



Elaboración dun regulamento electoral actualizado, que evite confusións innecesarias en próximas eleccións.

- 10 de abril
Avánzase na confección do regulamento electoral e ínstase á comisión creada para o efecto para que achegue un borrador do mesmo á seguinte reunión da Xunta Directiva da UAPFE.
- 3 de xuño
Reitérase a necesidade de completar a redacción e levar a cabo a aprobación do regulamento electoral, para a prevista elección do cargo de Secretario da UAPFE a final de ano.
- 25 de setembro
Asuntos de trámite.
- 11 de decembro
Asuntos de trámite.

Celebración das X Xornadas Consello Xeral do Poder Xudicial e Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España.

Asistiron ás X Xornadas CGPJ e CSCAE, celebradas en Almería, os días 4, 5 e 6 de xuño, a título individual, os arquitectos membros da Agrupación:

- Carlos Alvira Duplá
- César Jiménez López
- José Angel Hermo Túñez
- Mariano Dios Díaz
- Daniel Noguera García

Estas xornadas están organizadas pola Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España (UAPFE), en nome e representación do CSCAE.

É de apuntar que o presidente da Agrupación foi membro do comité científico destas X Xornadas.

Así mesmo, Carlos Alvira Duplá presentou nesas Xornadas o relatorio titulado: O programa de formación básica dos arquitectos peritos UAPFE-CSCAE.

Entre as conclusións destas X Xornadas CGPJ e CSCAE, parece oportuno resaltar os seguintes parágrafos:

- A aplicación do Código Técnico da Edificación en rehabilitación debe facerse con criterios de razoabilidade, xustificando adecuadamente as solucións adoptadas en cada caso.
- As Administracións deben esforzarse en transmitir á sociedade a importancia dos informes técnicos para coadjuvar a dignificar e valorar o traballo profesional dos arquitectos na súa redacción.
- Os sistemas que se utilizan para a elaboración das listas de arquitectos peritos a disposición dos tribunais non son eficaces e deben ser revisados, sen ter unicamente en conta as leis da economía de mercado. O sistema actual non contempla procedementos que permitan a designación do profesional máis cualificado, nin a sa competencia entre peritos. O perito, cando é nomeado para intervir ante o Xuíz, non está sometido á libre competencia.
- A formación dos peritos arquitectos debe comprender necesariamente aspectos procesuais e legais, ademais de incorporar a especialización e posta ao día dos coñecementos técnicos.
- Ponse de manifesto a preocupación de todos os profesionais por lle reiteración dos delitos contra a ordenación do territorio e as súas consecuencias, e da necesaria restitución da legalidade urbanística. É conveniente establecer alternativas á demolición de vivendas en execución de sentenzas.
- O Consello Xeral do Poder Xudicial e os poderes públicos consideran prioritario impulsar a mediación como a mellor vía de resolución de conflitos. O CSCAE, a UAPFE, e as Agrupacións de Arquitectos Peritos Forenses apostan pola mediación como fórmula prioritaria para a resolución de conflitos no ámbito da Arquitectura, a Edificación e o Urbanismo.
- A proba pericial constitúe a base fundamental nos feitos que debe apreciar o xuíz, que conclúe no ditame pericial. O ditame pericial, así como a actuación e intervención dos peritos, xa sexan de parte ou propostos polo xuíz ou tribunal, deben ser elaborados, en todo caso, coa mesma metodoloxía e idéntico rigor científico e técnico.



DELEGACIÓNS



DELEGACIÓN DE A CORUÑA

O presente documento ten por obxecto recoller as actividades que se desenvolveron na Delegación de A Coruña do COAG durante o ano 2015 (coas observacións que se indican nos apartados seguintes).

Composición da Xunta Directiva, situación coxuntural e período informado

A Xunta Directiva da Delegación da Coruña está formada, na actualidade, polos seguintes membros:

Presidente: D. Roberto Costas Pérez

Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández

Tesoureira: D^a. Xulia Álvarez García

O ano 2015 estivo marcado pola celebración, o día 12 de maio de 2015, de Eleccións Xerais a tódolos cargos colexiais (Sede e Delegacións). As actuacións que se recollen na Memoria de Xestión, corresponden a aquelas levadas a cabo pola devandita Xunta Directiva dende a súa toma de posesión, que se produciu na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Ferrol, o día 28 de maio de 2015.

Resumo xeral do ano

A Xunta Directiva da Delegación da Coruña estivo presente en temas de actualidade do mundo da arquitectura e o urbanismo, aparecendo periodicamente nos diarios e emisoras de radio, e poñendo en coñecemento das Administracións as demoras nos procesos burocráticos que atinxen á nosa profesión. Nun ano de moitos cambios, esta Xunta Directiva tomou contacto con algunhas das novas Corporacións Municipais, especialmente co Concello da Coruña. A traveso das súas reunións semanais, a Xunta Directiva, foi tramitando outros asuntos intrínsecos ao día a día do Colexio, que non se recollen na presente Memoria de Xestión (deontoloxía, mantemento das instalacións, Comunidade, etc,...). Na relación co Colexiado, fomos dando cumprida conta dos acordos tomados nas Xuntas de Goberno e Xerais aos nosos colexiados/as, en temas como Arquivos, reestruturación colexial, etc,...

A celebración de actividades, iniciativas e os recursos postos a disposición dos colexiados e colexiadas no período que se informa veñen gravados pola situación económica actual do Colexio e a centralización da súa Caixa, que incide directamente no devir das súas Delegacións.

Canles de información e presenza colexial

A Xunta Directiva utilizou, tanto para as actividades propias como para a difusión de temas vinculados á arquitectura, as seguintes canles de comunicación cos seus/súas colexiados/as:

- **Circulares:** 5.
- **Comunicados:** plataforma *Mailchimp* (20 comunicacións aprox.).
- **Redes sociais** Twitter (2400 seguidores) e Facebook (2200 seguidores). Mudouse o perfil da segunda plataforma cara a modalidade “páxina profesional” para desvincellar á Delegación dos datos privados dos seguidores que aparecían ao teren o perfil de “páxina persoal”.
- **Prensa e radio:** diversos artigos de opinión e entrevistas publicadas nos diarios e emisoras de radio locais e autonómicas. En total, 21 intervencións en prensa (La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, La Opinión, Correo Gallego) e 3 na radio (Cadena Ser, Cope).
- **Presenza colexial:**

A Xunta Directiva reuniuse periodicamente (1 vez por semana).

Alén das obrigas do Sr. Presidente como membro da Xunta de Goberno, os membros da mesma asistiron ás seguintes reunións de organización colexial:

Reunión de Secretarios na Casa da Conga (4/06/2015). Asiste: o Secretario.

Reunión de Secretarios (videoconferencia, 21/10/2015). Asiste: o Secretario.



Reunión de Tesoureiros na Casa da Conga (4/06/2015). Asiste: a Tesoureira.

Actividades de organización colexial

- Celebración de dúas **Xuntas de Delegación**:

Xunta (ordinaria) de Delegación do 28 de setembro de 2015.

Xunta (ordinaria) de Delegación do 16 de decembro do 2015.

- Constitución de **Comisións de traballo** de apoio á Xunta Directiva:

Tras convocatoria aberta lanzada desde a Delegación aos colexiados/as da súa demarcación, constituíronse as seguintes sete Comisións:

- Tecnoloxía
- Relacións Institucionais e Deontoloxía
- Formación
- Urbanismo
- Arquitectos profesionais no exercicio libre
- Cultura
- Transferencia do Coñecemento

A relación dos seus membros e as súas Presidencias rexistráronse no Acta da Xunta de Delegación do día 16 de decembro de 2015. No mes de decembro, levouse a cabo unha reunión entre tódolos membros das Comisións e a Xunta Directiva.

Documentación e estudo de lexislación

- Grupo de traballo, tres reunións e elaboración de **alegacións ao Anteproxecto de Lei do Patrimonio cultural de Galicia** (26/06/2015).
- Elaboración, por parte da Comisión de Tecnoloxía, das **alegacións á Ordenanza contra incendios do Concello de A Coruña** (29/12/2015).

Actividades de formación e difusión

- Rockwool, rehabilitación y obra nueva (22/09/2015).
- RZB Iluminación interior y exterior (29/10/2015).
- Algeco (Grupo SIMON, 25/11/2015).

Actividades culturais

Convenios:

- Inventariado e firma do **Convenio de cesión temporal dos bens da familia de Antonio Tenreiro que permanecían na Delegación** (10/11/2015).

Palestras e mesas redondas:

- Presentación do libro "**Urban sustainability: innovative spaces, vulnerabilities and opportunities**" del Grupo de Investigación IAPS da UDC (3/07/2015).
- **Día Mundial da Arquitectura**. Arquitectura, Construcción, Clima. Compromisos y soluciones (5/10/2015). Mesa redonda. Participantes: Ricardo García Mira, Miriam Goluboff Schepps, Manuel García Docampo, Marta Piñeiro Lago, Óscar Pedrós Fernández (moderador).
- **European 13, 3+1: tres equipos, catro premios** (18/12/2015). Colexiados residentes no ámbito da Delegación premiados no concurso European 13.
- **La Resiliencia urbana como estrategia de crecimiento y recuperación** (22/12/2015).



Ponente: Maíta Fernández-Armesto (Barcelona).

Exposicións:

- **Frank Lloyd Wright: Deseños decorativos para a iluminación** (28/09/2015-30/10/2015), prorrogada 15 días. Comisario: Antonio Barro Lago.

ANEXO XESTIÓN ADMINISTRATIVA

As actividades realizadas pola Secretaría da Delegación son as propias das funcións encomendadas a esta area de servizos do COAG. Desenvoléndose o longo de ano na atención os nosos Colexiados como o público en xeral dado o noso carácter de corporación de dereito público. Recolléndose aquí so os asuntos máis relevantes que pasamos a relatar:

- Solicitudes de documentación visada: tramitáronse 67 solicitudes emanadas de órganos xudiciais, administrativos ou particulares que previa autorización no seu caso do arquitecto autor derivou na xestión e copia dos devanditos documentos.
- Xestión da Caixa da Delegación: aínda que o departamento de finanzas do Coag centraliza a meirande parte dos actos financeiros a Delegación da Coruña xestionou diversos cobros-pagos que derivaron en 92 informes ao departamento de finanzas do COAG.
- Xestión e recepción de documentos dos becarios convenio E.T.S.A.C. : esta Delegación do COAG, pasou a xestionar dende o mes de Outubro a tramitación das solicitudes de becarios acorde co convenio de colaboración COAG-ETSAC.
- Oficios presentados e custodiados por rexistro Delegación: 115 dos cales 84 foron de entrada e 31 de saída
- Recepción de documentos presentados polo C.O.A.A.T. – Coruña para xestión e custodia: 91 documentos.
- Recepción e supervisión en formato físico de 32 altas e 24 baixas para dar traslado a secretaria Colexial.



DELEGACIÓN DE LUGO

1.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Delegación dende as eleccións do día 12 de maio de 2015, está constituída por:

Presidente de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo:

D. RAÚL J. VEIGA LAMELAS

Tesoureira de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo

Dona M^a BELÉN FEIJOO LOMBAO

Secretario de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo:

Dona MÓNICA FOLGUEIRA COBAS

Durante o ano 2015:

- celebráronse 17 Reunións de Xunta Directiva.
- asistiuse a 19 Xuntas de Goberno en Santiago.
- asistiuse como presidente de delegación a 2 Xuntas Xerais en Santiago.
- asistiuse a 2 reunións de tesoureiros en Santiago.
- asistiuse a 2 reunións de secretarios en Santiago e unha máis telemática.
- asistiuse a 2 reunións de representantes de Comisións de Planeamento en Santiago.

2.- DELEGACIÓN

Convocáronse as seguintes Xuntas de Delegación:

- Xunta Ordinaria de Delegación 01/2015, de 20 de abril, co seguinte Orde do día:
 1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de Xunta de Delegación anteriores.
 2. Informe da Xunta Directiva.
 3. Memoria de Xestión 2014: toma de coñecemento e aprobación.
 4. Informe sobre a liquidación de gastos da Delegación no exercicio 2014.
 5. Rogos, preguntas e proposicións.
- Xunta Extraordinaria de Delegación 02/2015, de 15 de outubro, co seguinte Orde do día:
 1. Informe da Xunta Directiva.
 2. Formación da comisión de delegación de Arquitectura e Territorio e definición do plan actividades.
 3. Rogos e preguntas.
- Xunta Ordinaria de Delegación 03/2015, de 15 de decembro, co seguinte Orde do día:
 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta de Xunta de Delegación anterior.
 2. Informe da Xunta Directiva.
 3. Lectura e posta en coñecemento, da distribución de gastos para o exercicio 2016 da Delegación de Lugo.



4. Rogos, preguntas e proposicións.

- Reunión das Comisións da Delegación de Lugo. Comisión de Arquitectura e Territorio:

29 outubro 2015

12 novembro 2015

24 novembro 2015

09 decembro 2015

- Reunións da Xunta Directiva

05 maio 2015

19 maio 2015

23 xuño 2015

14 xullo 2015

04 agosto 2015

24 agosto 2015

14 setembro 2015

29 setembro 2015

13 outubro 2015

15 outubro 2015

29 outubro 2015

02 novembro 2015

12 novembro 2015

16 novembro 2015

24 novembro 2015

03 decembro 2015

09 decembro 2015

15 decembro 2015

Polo que se refire ós contactos coas Administracións públicas e outras organizacións, empresas ou profesionais, realizáronse as seguintes coa intención de abrir ou continuar novas liñas de traballo:

- Reunión coa responsable de COGAMI, 15 de xullo.
- Reunión coa responsable de ENINTER, 15 de xullo.
- Reunión con responsable de OTIS, 24 de agosto.
- Reunión representante ONEMOS, 3 de novembro.
- Reunión coa representante de VALLE INCLÁN, 12 de decembro

Por último asistiuse en representación da delegación de Lugo os seguintes actos e actividades:



- Día de Ferrol no San Froilán e Día de Lugo no San Xiao de Ferrol.
- Premios Puro Cora de Periodismo, marzo 2015

3.- ACTIVIDADES DESENVOLTAS

- Día Mundial da Arquitectura 2015. Colocación exposición de paneis participativos en delegación e organización dunha charla-coloquio sobre o tema a través da Comisión de Arquitectura e Territorio.
- Conferencia - Construír con Madeira, 31 de Outubro

4.- ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLTAS NA DELEGACIÓN

Algunhas das actividades formativas desenvoltas na delegación de Lugo:

- Marzo 05/06. CURSO LIMITACIÓN Y DEMANDA ENERGÉTICA
- Marzo 27. CURSO INTRODUCCIÓN Ó STANDAR PASSIVEHAUSE
- Abril.22. Xornada técnicas sobre aplicación de sistemas renovables integrais en rehabilitación enerxética e vivenda nova
- Maio 19. DEBATE SOBRE O GARAÑÓN E O PXOM

6.- PÁXINA WEB DA DELEGACIÓN.

Aliméntase moito a páxina web, no ano 2015 incorporáronse cerca de 120 entradas.

7.- REDES DA DELEGACIÓN.

Reactivación das redes de Delegación tanto Facebook como Twitter cunha media de unha entrada nova por día, con moi boa acollida.

8.- RELACIÓN COS MEDIOS.

A presenza é habitual nos medios escritos, con quen seguimos desenvolvendo determinados proxectos comúns coma o concurso ACERTOS e DESASTRES.

9.- BIBLIOTECA Y LIBROS COAG

Iniciouse a instalación da Biblioteca central do COAG nas dependencias da delegación, estando na actualidade en proceso de posta en marcha coa axuda de colexiados contratados a través dunha bolsa de emprego convocada polo Colexio.

Así mesmo, a iniciativa LibrosCoag, iniciada polo colexiado Xosé Manuel Rosales Noves, continúa co mantemento e distribución de libros desde as nosas instalacións e coa axuda do noso persoal.



DELEGACIÓN DE OURENSE

De conformidade co establecido nos Estatutos do COAG elabórase a presente Memoria Anual sobre as actividades e xestión da Delegación durante o exercicio 2015

A Xunta Directiva da Delegación está composta por:

Presidente: Alberto de Paula Prieto.
Secretaria: Emma Noriega García.
Tesoureira: Paula Feijoo Calviño.

Pola súa parte, renóvanse as diferentes comisións da Delegación, presididas e/ou coordinadas por:

Comisión de Cultura e Comunicación: Rafael Castro Armesto.
Comisión de Formación e Concursos: Pedro Diéguez Iglesias.
Comisión de Urbanismo e Territorio: Xan Rodríguez González.

Os representantes do COAG na **Comisión Técnica Municipal de Protección de Bens Culturais do Concello de Ourense** son os arquitectos Alfredo Freixedo Alemparte e o seu suplente Manuel Seoane Feijoo.

A Delegación mantivo as súas oficinas no local situado na Praza Maior nº 7 planta 5ª, da cidade de Ourense onde se desenvolveron as diversas actividades administrativas e de atención tanto a colexiados como a particulares. Con independencia da presenza puntual dalgún dos membros da Xunta Directiva nos locais da Delegación para resolver as cuestións de trámite ou urxencias que puidesen presentarse, a Xunta Directiva celebrou reunións todos os Venres en horario de 10:00 a 12:00, con obxecto de atención ao Colexiado e de resolver asuntos de trámite da Delegación e planificar as actividades para realizar.

COMISIÓN DE PLANEAMENTO

- Realizouse unha primeira reunión de arquitectos municipais, celebrada o 29 de xaneiro e á que asistiron un total de 17 arquitectos que asesoran a 21 concellos. Nela decidiuse poñer en marcha un grupo a modo de "foro" do que forman parte todos os arquitectos municipais da provincia que quixeron aceptar a invitación que se lles realizou, e no que se expoñen cuestións acerca de asuntos urbanísticos que afectan os concellos nos que se asesora.
- **O 13 novembro** a Comisión de Planeamento realizou a alegación ao **PEP do conxunto etnográfico de Seixalbo**.

COMISIÓN DE CULTURA

- Continúase a actividade mensual denominada "**OLLADAS NA RÚA**", que se celebra os últimos venres de cada mes, consistente en analizar unha obra ou un espazo coa participación dun Arquitecto e un Cidadán realizándose as seguintes:
Xaneiro: Edificio da Concellería de Urbanismo; Febreiro: Centro de Interpretación das Burgas; Marzo: Claustro de San Francisco; Abril: O Bispado; Maio: A Ponte Vella; Xuño: A Praza Maior; Setembro: A Praza da Madalena; Outubro: As Catro esquinas; Novembro: O Convento das Carmelitas Descalzas e en decembro: A Praza de San Cosme e o Belén de Baltar.
- **O 6 de Marzo**, realizouse para os colexiados unha visita ás Cubertas da Catedral de Ourense baixo a man da dirección facultativa das obra Manuel Seoane Feijoo e á que asistiu o tope establecido na convocatoria: 30 arquitectos.
- **O 12 de Marzo** celébrase a segunda parte de "**A IDEA CONSTRUÍDA**", consistente na proxección do resto dos documentais sobre arquitectos galegos realizados por Eloy Lozano, finalizando a mesma cunha mesa redonda que contou coa asistencia de Fernando Branco Guerra, Guadalupe Piñero, Pedro de Chairó e Manolo Galego.
- **O 19 de Marzo** concertouse coa Consellería de Presidencia e a SPI **unha visita ao Novo edificio dos xulgados de Ourense**, a cal finalmente foi suspendida por motivos alleos á nosa vontade.
- **En maio** realizáronse unhas xornadas con motivo da celebración da Semana dos Museos consistentes en :



- día **19 de maio: Inauguración da exposición** das propostas arquitectónicas presentadas para a rehabilitación do edificio do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- día **21 de maio:** Visita guiada á exposición "**Ourense imaxinado**" por parte do arquitecto responsable da mesma, Alberte Pérez.
- día **22 de maio: Conversas no Museo.** Unha visión dos arquitectos do edificio do Museo Arqueolóxico para todos os cidadáns ourensáns, cos arquitectos Luís Pérez de Juan e Juan Carlos Cabanelas acompañados polo director do museo Xullo Rodríguez González e guiados por Avelino Rodríguez González.
- **En xuño** creouse dun grupo de traballo, dirixido pola Comisión de Cultura da Delegación para analizar e achegar **alegacións relativas ao anteproxecto da lei do Patrimonio Cultural de Galicia.**

COMISIÓN DE FORMACIÓN

- O **13 de xaneiro** realízase unha **charla técnica de ascensores Enor** que acabou cun viño entre todos os asistentes.
- **En febreiro** realizouse un **curso da ferramenta unificada Líder Calener HULC** con asistencia de aproximadamente 30 colexiados e impartida polos arquitectos Rafael do Val e Juan Ferreiro.
- En data do **25 de marzo** realizouse un **curso de introdución ao Passivhaus.** Edificios de consumo enerxético case nulo. 16 colexiados.
- O **8 de Abril** realizouse unha **xornada con ACLUXEGA** para coñecer en maior profundidade a enerxía xeotérmica cunha asistencia aproximada de 30 colexiados.
- O **9 de abril** realizouse **unha xornada de encontro entre xuíces e arquitectos** a modo de posta en común ou achegamento entre ambas as profesións nas que o arquitecto pon os seus coñecementos científicos ao servizo da xustiza. contouse cos maxistrados Francisco de Cominges, Fernando Alañón Olmedo e Eva Martínez Gallego. Contouse cunha asistencia de 45 colexiados.
- O **22 de abril** realizouse unha **xornada técnica a cargo da empresa Enertres** na que se nos explicaron diferentes sistemas integrais de enerxía sustentable e na que contamos con aproximadamente 50 persoas.
- En data **19 de maio** levaron a cabo os encontros "**BE TO BE**", en colaboración co Clúster da Madeira.
- O **18 de Xuño** celebrouse a **Xornada técnica de Bombas de calor Ecoforest**, cunha boa asistencia.
- O **27 de Xuño** tivemos a ocasión de **debuxar a Universidade Laboral** proxectada e dirixida por Xullo Cano Lasso e acompañados polo grupo de Skechcrawl Galicia.
- O **2 de Xullo** levou a cabo a **visita ao Castelo de Monterrei**, acompañados polas arquitectas redactores do proxecto de rehabilitación, Cristina Ouzande e Cristina Ezcurra.
- O **14 de xullo** o presidente da delegación participa representando ao COAG Galicia nas primeiras xornadas internacionais de arquitectura **ArchiSumit 2015 en Porto** organizada pola sección norte da orde de arquitectos de Portugal.
- O **5 de Outubro**, con motivo da celebración do Día Mundial da Arquitectura 2015, realizase na Fonte de O Tinteiro a actividade titulada: "**CONVERSAS NO TINTEIRO**" COÑECENDO OS TEUS RECURSOS NATURALS
- O **18 novembro** realizouse unha **xornada sobre parqué pegado coa empresa Parqués Carballo**, rematando a mesma cunha cata de viños realizada polo enólogo de Coto de Gomariz.

PRESENZA NOS MEDIOS

Téntase atender aos diferentes medios de comunicación que o solicitan, acudindo a programas da televisión local, televisión autonómica, emisoras de radio locais como Onda Cero, Radio Líder, a Ser e realizando diferentes artigos de opinión sobre arquitectura nos diarios locais. Participación en distintos foros como o do AVE ou o termal.



OUTRAS ACTIVIDADES

- Realizouse unha Cea da Delegación o día 7 de Marzo en "A Adegas"
- Solicitouse por parte da Xunta Directiva da Delegación ao Ministerio de Cultura a realización dunha exposición en Ourense sobre o concurso de anteprojectos sobre o museo arqueolóxico.
- A finais de xullo, e en conxunción co decano, estivo a traballarse para conseguir que finalmente se ampliase o prazo de presentación dos anteprojectos para o concurso do Campus da auga. Séguese a relación coa Universidade ao obxecto de montar a primeiros do ano 2016 unha exposición sobre os anteprojectos presentados ao citado concurso, con algunha xornada de arquitectura que o complementa.
- O 2 de outubro a delegación de Ourense do COAG participou nunhas xornadas sobre Comercio e Cidade organizada pola federación de comercio de Galicia cun relatorio que trata sobre o comercio e os espazos urbanos singulares.
- Desde que se coñece o novo anteprojecto para a sede da CHMS, a delegación estivo traballando xunto co resto de membros do COAG en buscar unha solución que pasase por retomar o proxecto gañador do concurso de ideas convocado no seu momento, mantivéronse conversacións co presidente da CHMS e remitido cartas explicativas a diferentes institucións, para finalmente e ao ser coñecedores da presentación no concello de Ourense da solicitude de licenza, realizar un manifestación pública sobre o noso posicionamento.
- Estivo a traballarse na redacción dun convenio co concello de Verín para convocar concurso a nivel de anteprojectos para reordenar o espazo no Centro histórico dese concello.

A Secretaria da Delegación de Ourense do COAG.



DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

A Xunta Directiva da delegación de Pontevedra desenvolveu durante o ano 2015 diversas accións que resumiremos destacando as máis importantes.

XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva estivo formada até o mes de maio polos seguintes colexiados:

Presidente: Don Manuel Abelleira Argibay

Tesoureira: Dona María Luísa Pierres López

Secretario: Don Wenceslao López Velasco

A partir da proclamación definitiva dos resultados das eleccións á Xunta Directiva da delegación de Pontevedra, esta, fórmana os seguintes colexiados:

Presidente: Don Manuel Abelleira Argibay

Tesoureira: Dona María Luisa Pierres López

Secretario: Don Anselmo Villanueva Peón

OBRAS NA DELEGACIÓN

Durante o segundo semestre de 2015, realizáronse obras de redistribución na delegación, habilitando un espazo como salga de xuntas para poder celebrar asembleas e reunións nun espazo propio, todo iso reutilizando material almacenado no arquivo da delegación.

REUNIÓN XUNTA DIRECTIVA E XUNTA DE DELEGACIÓN.

Realizáronse no ano 2015: 45 reunións documentadas da Xunta Directiva.

Entre os diversos asuntos rutineiros propios da xestión da Delegación cabe destacar os seguintes:

Reunións

A xunta directiva ha concertado as seguintes reunións co fin de defender os intereses dos colexiados: (reuníndonos cos alcaldes e/ou xerente de urb. Ou concelleiro de urbanismo).

Cos Concellos de Pontevedra e Marín.

Coa Deputación Provincial de Pontevedra colaborando con eles na selección de obras de arquitectura contemporánea significativas para a elaboración de vídeo promocional que se presentou en FITUR 2016 e servirá de base para a elaboración dunha GUÍA TURÍSTICA, que sirva a un público crecente interesado na arquitectura. (Xunto coa delegación de Vigo)

Recepción novos colexiados

A xunta directiva mantivo o seu protocolo de recepción a novos colexiados ao longo do ano. Agasallándolles cun detalle, informándolles sobre como iniciar a súa actividade profesional e ofrecéndose a axudarlles en todo o posible ao comezo da súa actividade profesional e animándolles a colaborar no posible co COAG

Deontoloxía e intrusismo.

Foron elevados ao servizo de deontoloxía diversos asuntos concernentes a actuacións de compañeiros.



Xuntas de Delegación

Celebráronse catro xuntas de delegación no ano 2015

O 10 de marzo celébrase a primeira xunta de delegación do ano na delegación.

O 28 de abril sométese á aprobación dos compañeiros a memoria de xestión do ano anterior.

O 26 de outubro celebrouse unha xunta de delegación onde se expuxo aos colexiados os cambios distributivos na delegación para habilitar unha sala de xuntas para a delegación.

O 4 de decembro realízase a última xunta do ano onde se informa aos compañeiros a distribución de gastos para o exercicio 2016 .

COMISIÓNS

As comisións participadas polos membros da xunta directiva e por varios colexiados que voluntariamente colaboran coa xunta.

COMISIÓN DE PLAN

Realizáronse diversas reunións co concelleiro de urbanismo pontevedrés Antón Louro para reclamar a axilización de devandito PXOM e unhas charlas técnicas sobre as novas ordenanzas urbanísticas municipais. Froito destas negociacións, e nunha acción conxunta co colexio de apareladores de Pontevedra, conseguiuuse é que o concello de Pontevedra aprobase definitivamente a ordenanza de INFORME DE AVALIACIÓN DO EDIFICIO, redundando favorablemente na captación dun maior traballo para os compañeiros.

COMISIÓN DE CULTURA

As actividades realizadas pola comisión de cultura foron as seguintes:

Premios

O trinta de xuño publícase a circular nº 29 presentando os PREMIOS "GRANDEAREA" 2015 convocando aos colexiados a participar. Este premio celébrase anualmente e conxuntamente coa delegación de Vigo do COAG. Preséntanse cincuenta dos que resultan premiados sete. Entréganse os premios o día vinte de outubro en Vigo, no baixo da sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en Vigo. Entre os proxectos premiados atópanse diversas tipoloxías como equipamentos, vivendas e espazos comerciais.

Ciclo cine e arquitectura

No mes de outubro, e coa colaboración do cineclub Pontevedra e a Caixa de Arquitectos celébrase o ciclo cine e arquitectura, coas seguintes proxeccións:

Día 6 de outubro martes ás 20,15h: 4 Documentais de J.S. BOLLAÍN

Sevilla en tres niveles* 9´

Soñar con Sevilla I (Sevilla tivo que ser).** 9´

Soñar con Sevilla III (A cidade é o recordo)*** 11´

A alameda.**** 40´

Día 13 de outubro martes ás 20,00h: J.LL. Sert Un soño nómade. 72´ Manolo Galego 33´



Día 20 de outubro martes ás 20,15h: Ficción Inmobiliaria I e II***** 22'e 26'

Día 27 de outubro martes ás 20,15h: Non res, vida e morte dun espazo en tres actos . 79'

TRIALOGOS DE ARQUITECTURA

Estas conversacións, a tres bandas, puxeron en relevo a obra de ternas arquitectos, de xeracións diferentes, cun tema común de actuación, a REHABILITACIÓN , REFORMA Ou RESTAURACIÓN en obras de promoción privada. 12 estudos-arquitectos, que mostraron cada un dúas obras construídas, proxectos ou propostas os días 15, 22 e 29 de abril e 6 de maio.

MESTURAS

As delegacións de Vigo e Pontevedra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) asumen o reto de organizar a primeira edición das xornadas "Mesturas. Encontros Internacionais de Arquitectura Galicia | Portugal".

A primeira edición das xornadas "Mesturas, Encontros internacionais de arquitectura Galicia | Portugal", iniciouse tomando como tema central a "Rehabilitación. Intervencións no patrimonio" e celebráronse os días 29 de outubro e 5 e 12 de novembro nas cidades de Vigo e Pontevedra, contaron coa participación de destacados arquitectos portugueses, que achegaron unha ampla visión sobre a situación da rehabilitación en Portugal. As xornadas tiveron como comisarios aos arquitectos José Jorge Santos e José Carlos Mera (Santos – Mera arquitectos) de Galicia e Tiago do Vale de Portugal. Sendo un éxito de convocatoria, programándose para 2016 unha edición en Portugal das mesmas.

DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

O día cinco de outubro celebrouse en Pontevedra, o Día Mundial da Arquitectura 2015 baixo a lema "Arquitectura, Construción, Clima. Compromisos e Solucións", pondo en valor os Pendellos de Agolada.

Ao acto asistiu un nutrido grupo de cidadáns que puido gozar dun paseo por contorna dos Pendellos de Agolada guiados polos arquitectos autores do proxecto de rehabilitación Doce + Doce así como autoridades, arquitectos e cidadáns que se achegaron para tal fin, descubríndose unha placa ao final do acto.

Web da delegación

Continuouse co mantemento da páxina, utilizándoa como medio para informar os colexiados de diferentes asuntos concernentes ao desenvolvemento do seu traballo. Así mesmo, desenvolveuse unha páxina en Facebook e outra en Twitter con noticias de interese da delegación.

CONVENIOS, COLABORACIÓNS E ACORDOS COMERCIAIS.

Renovouse un convenio co colexio SEK, con vantaxes para familiares dos compañeiros.

Renovouse un convenio coa empresa Previsión Sanitaria Nacional, con vantaxes para os fillos dos compañeiros no goce da súa gardaría Bicos

CURSOS

Realizouse un TALLER LINKEDIN, nas instalacións de ARROELO os días 28 de xaneiro e 4 de febreiro.

Realizouse un CURSO IAEd, impartido por AULADOMUS, nas instalacións da FUNDACIÓN ABANCA o 24 e 25 de abril.

Realizouse un CURSO MEDICIÓN E ORZAMENTOS CON ARQUÍMEDES, impartido por AULADOMUS, nas instalacións da FUNDACIÓN ABANCA os días 23 e 25 de setembro.

Realizouse un CURSO DE APROXIMACIÓN Á FOTOGRAMETRÍA EN ARQUITECTURA, por GEOMATI-K, en instalacións de ARROELO os días 13 e 20 de novembro.

Realizáronse varias charlas informativas de firmas comerciais vinculadas co sector da construción e arquitectura.



DELEGACIÓN DE VIGO

CHARLA URBANISMO. CONCELLO DE BAIONA 29 xaneiro 2015

XUNTA EXTRAORDINARIA 5 febreiro 2015

CICLO DE GRANDES PROXECTOS NA CIDADE. DEPURADORA 11 febreiro 2015

CURSO SOBRE EDIFICACIÓN DE BAIXO CONSUMO ENERXÉTICO EN OBRA NOVA E REHABILITACIÓN 2 - 4 marzo 2015

Alejandro Martínez García. Formador de certificación enerxética certificado polo Instituto de Diversificación e Aforro de la enerxía (IDAE).

EXPOSICIÓN DE PINTURA. 2D 3D. JAVIER PENA. 5 - 19 marzal 2015

ORGANIZACIÓN XVI PREMIOS COAG. 13 de marzo

No auditorio da sede de Afundación de Vigo, o acto foi presentado por Carlos Blanco, e otorgáronse premios nas seguintes categorías: Vivenda, Rehabilitación, Equipamentos, Interiorismo e reforma interior, Arquitecturas efémeras, Baixo custe, Divulgación e Investigación, Proxecto fin de Carreira, e unha categoría especial a toda unha traxectoria profesional para D. Manuel Gallego Jorreto.

CHARLA TÉCNICA ENERTRES 16 abril 2015

CEA DA PATROA 8 abril 2015

Un ano máis se organiza a xuntanza dos colexiados da delegación cunha cea no Real Club Náutico de Vigo

XUNTA DE DELEGACION 30 abril 2015

ELECCIÓNS COAG 12 maio 2015

Toma de posesión de cargos COAG en Ferrol 28 maio quedando a directiva da delegación de Vigo como segue: Presidente: Antonio Davila Alonso, Tesoureiro: Manuel Martinez Carazo, Secretaria: María Mariño de Oya, Simón Pereiro López-Quecuty (vogal por Vigo en Xunta de Goberno) seguirá asistindo e traballando nas xunta directiva da delegación.

DEONTOLOXIA

INSTRUCCIÓN EXPEDIENTE DISCIPLINARIO A UN COLEXIADO DA DELEGACIÓN 02 xuño 2015. Desígnase a Simón Pereiro como instrutor.

CONCURSO PARA ACTUALIZACIÓN DE FICHAS PLAN DO ENSANCHE (CONCELLO DE VIGO)

O día 4 de xuño presentase o recurso ás bases do concurso polos pregos técnicos e administrativos. Finalmente o recurso e desestimado.

RESOLUCIÓN CONTRATO ALUGUER LOCAL CAFETERÍA DELEGACIÓN xuño 2015

Derivado do retraso no pago de mensualidades asinouse o acordo para resolve-lo contrato e deixalo local en fecha concreta.

ANTEPROXECTO DE LEI DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA . 17 xuño 2015

Formación de grupo de traballo para a formulación de alegacións dende a delegación de Vigo para que xunto co traballo do resto das delegacións se envíe unha única alegación dende o COAG.

CHARLA TÉCNICA HARO 13 febreiro 2015

CHARLA JOS GALÁN 19 febreiro 2015

CHARLA TÉCNICA PERGOLAND 16 xuño 2015

CHARLA TÉCNICA ECOFOREST 19 xuño 2015

CHARLA TÉCNICA BAUMIT 26 xuño 2015

CHARLA ROCKWOOL 30 xuño 2015

PREMIOS GRANDE AREA DE APORTACIÓN Á ARQUITECTURA PROVINCIA DE PONTEVEDRA



O COAG recoñece os proxectos e obras dos arquitectos realizados nos ámbitos das delegacións de Vigo e Pontevedra. Presentáronse 50 candidaturas que dan resposta ás necesidades da sociedade e representan o compromiso dos axentes involucrados no proceso construtivo coa arquitectura responsable. Nesta edición os premios presentáronse en Pontevedra sendo o fallo do xurado e a entrega de premios na delegación de Vigo.

Bases premios 18 xuño, fallo xurado 24 setembro, entrega de premios 20 de novembro de 2015 coa presenza da Presidenta da Deputación de Pontevedra Dona Carmela Silva.

As conferencias dos proxectos gañadores será o 21 de abril de 2016.

ALUGUER LOCAL CAFETERÍA DELEGACIÓN 21 xullo 2015

Asinase contrato de aluguer da cafetería con Dona Inmaculada Comesaña Pérez e nome comercial SIFON

REUNIÓN CON APROIN 30 xullo 2015

Reunión solicitada por la asociación de promotores para buscar vías de axilidade na tramitación de expedientes municipais no Concello de Vigo e no Servizo Provincial de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

GRUPO DE TRABALLO APLICACIÓN PXOM VIGO 8 setembro 2015

Organízase grupo de traballo liderado polos compañeiros Rogelio Perez Conde e Alberto Escobar para analizar casuísticas na aplicación da do concepto de semirrúa e buscar solucións para desbloquear licencias afectadas.

CHARLA TÉCNICA GALCA 8 setembro 2015

ARQUIVO COLEXIO DE ARQUITECTOS EN VIGO EN GARCÍA BARBÓN Setembro 2015

Acordase convocatoria dunha bolsa de traballo para seleccionar a dous colexiados para a organización do arquivo, o expurgo de documentación para preparar o local para a próxima venta.

DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 2015 5 outubro 2015

“Arquitectura, construcción, clima. Compromisos y soluciones”

O programa da xornada foron dúas charlas, a primeira e impartida por Xabier Labandeira Villot - ‘Cambio Climático: Por qué e cómo afrontar o problema’¿Por qué se xera o cambio climático? ¿qué impactos podemos esperar? ¿qué solucións podemos adoptar? Alternativas para a profesión e a segunda ‘Edificios de consumo casi nulo (NZEB)’Directiva 2010/31/UE de 19 de maio de 2010 relativa a eficiencia enerxética dos edificios. Diversidade de Estándares de NZEB. Certificación Passivhaus. Protocolo EnerPHit de rehabilitación enerxética impartida por Xosé Rodríguez Otero.

CICLO DE CONFERENCIAS “MESTURAS- ENCONTROS INTERNACIONAIS DE ARQUITECTURA GALICIA PORTUGAL I ”

Rehabilitación e intervencións no patrimonio outubro-novembro 2015

Conferencias organizadas por las delegacións de Vigo e Pontevedra coa colaboración da *Ordem dos arquitectos de Portugal e* comisariadas polo Estudio Santos –Mera e Tiago do Vale.

Froito das reunións para a organización de estas xornadas entre as delegacións de Vigo e Pontevedra do COAG e a *Ordem dos arquitectos de Portugal* xurdiu a firma dun **convenio de colaboración transfronteirizo** para actividades de difusión da nosa actividade en ambos países.

REUNIÓN COAG DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 30 outubro 2015

Conxuntamente coa delegación de Pontevedra asistimos a unha reunión onde acórdase o encargo do traballo de selección das mais significativas obras de arquitectura da provincia de Pontevedra para a súa presentación en FITUR.

Tratase de temas de interese xeral e amosamos a nosa vontade de participación en asuntos como a implantación do visado dixital nos concellos, a elaboración de concursos de arquitectura, difusión de fondos editoriais e asistencia técnica en concellos entre outros.

REUNIÓN COAG VIGO CONCELLO DE TUI 17 novembro 2015

Reunidos co alcalde falamos da oportunidade de delimitación das áreas de protección dos elementos BIC para axilizar as licencias. Expoñemos as vantaxes da implantación do visado dixital e a súa posible financiamento pola Deputación de Pontevedra.



XUNTA ORDINARIA DE DELEGACIÓN. 19 novembro 2015

CESIÓN DE EXPOSICIÓNS DO COAG Ó INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES 24 novembro 2015

A Xunta Directiva da delegación de Vigo acordou ceder o Instituto de Estudos VigueSES as exposicións de “Michel Pacewicz” e “alameda de Vigo”. A finalidade de ditas cesións foi garantir a súa custodia e difusión.

CICLO GRANDES PROXECTOS NA CIDADE 3 decembro 2015

Conferencia “Mais que Auga” . Estudio NAOS a cargo de Santiago González. Arquitecto.

ANULACIÓN PXOM VIGO decembro 2015

Consecuencia da anulación por parte do Tribunal Supremo do PXOM de Vigo desencadéanse reunións co Concello de Vigo, Xunta de Galicia, promotores, Confederación de empresarios, aparelladores e axentes do sector.

Paralelamente organizamos reunións extraordinarias no COAG para informar os Colexiados do escenario actual e para que trasladen cuestións para tratar coa XMU.

REUNIÓNS COAG CONCELLO DE VIGO

Reunión co Alcalde de Vigo D Abel Caballero para presentar a nosa vontade de entablar liña de colaboración nas licitacións de contratos de servizos de arquitectura e urbanismo e outros temas de interese xeral. Xullo 2015

Reunión mensual coa Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo para tratar temas de actualidade, xestións de tramitación de expedientes e conflitos que xorden na aplicación da normativa. Colaboración en temas de interese municipal.

Reunión coa Concellería de Medio Ambiente para clarear as actividades e obras autorizables nas Zonas Acusticamente Saturadas. Posibilidades de revisión e modificación da ordenanza ZAS 08 outubro 2015.

ASUNTOS ELEVADOS A XUNTA DE GOBERNO

Solicitud de emisión de circular informando sobre a improcedencia da utilización do logo do COAG en asuntos propios.

Visado de certificados final de obra en soporte papel. COAAT-COAG Indicacións claras á comisión de visado.

ALUGUER DE LA SALA DE USOS MÚLTIPLES

AGE SECTOR LÁCTEO 09 outubro 2015, **ADICAE ALIMENTACIÓN SOSTENIBLE** 20 outubro e 20 novembro 2015,

MARKET NAVIDEÑO 18-20 decembro 2015.



DELEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

27 de xaneiro. **Rexeitamento do recurso contra o proxecto de Rexeneración Ambiental da Xunqueira do Areal da Pobra do Caramiñal**

Rexeitamento pola Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do recurso interposto pola Delegación contra o proxecto de Rexeneración Ambiental da Xunqueira do Areal da Pobra do Caramiñal, co argumento de que os *"comentarios sobre la demolición de las naves no ha lugar en estos momentos, ya que la Fase II se incluía en el proyecto a título meramente informativo, no siendo esta Fase II objeto de trámite de información pública oficial"*.

28 de xaneiro. **Xunta Extraordinaria de Delegación.**

Na que se someteu á consideración dos colexiados a proposta da ONG santiaguesa Acción Cívica Solidaria para que a Delegación se sumase á firma do seu "Manifiesto por unha Compostela Transparente", xunto coa Asociación da Prensa de Santiago, o Ateneo de Santiago, a Fundación Santiago Centro e a Sociedade Económica de Amigos do País. A pesar de que a proposta obtivo a aprobación de dous dos tres colexiados presentes e dos tres membros da Xunta Directiva, a Presidenta decidiu desestimar a proposta de Acción Cívica Solidaria pola baixa asistencia á Xunta e pola radical oposición do sexto colexiado presente.

18 de febreiro. **Reunión da Presidenta da Delegación co Alcalde Agustín Hernández.**

Solicitada en xuño de 2014, cando o novo alcalde asumiu o seu cargo, nela aproximáronse posturas sobre diversos asuntos de actualidade municipal.

16 de abril. **Proclamación dos novos compoñentes da Xunta Directiva da Delegación.**

Proclamación pola sesión 5/2015 da Xunta de Goberno do COAG dos novos compoñentes da Xunta Directiva da Delegación: Santiago García Suárez, Presidente, Carmen Rey López, Tesoureira e Alejandro Fernández Vázquez, Secretario.

30 de abril. **Xunta Directiva da Asociación Espiga.**

A petición do colexiado Miguel Serrano, e tendo en conta a relación dos seus fins coa construción, a Delegación cedeu a súa sede para a reunión da Xunta Directiva da Asociación Galega para a Bioconstrución Espiga.

30 de abril. **Xunta Ordinaria de Delegación.**

Nela, a Presidenta informou de diversos asuntos de actualidade colexial e aprobouse a memoria de xestión do ano 2014.

4 de maio. **Encontro aberto cos candidatos de Compostela Aberta.**

No que participaron os candidatos á alcaldía de Santiago nas eleccións municipais a celebrar o 24 de maio Martiño Noriega e Jorge Duarte, coa asistencia de 9 colexiados e dos membros da Xunta Directiva.

5 de maio. **Reunión da xunta directiva cos candidatos do BNG.**

Na que o candidato á alcaldía, Rubén Cela, e Concha de la Fuente expuxeron á Presidenta e ao Secretario da Delegación o seu programa para a cidade.

13 de maio. **Reunión da Xunta Directiva cos candidatos do PSOE.**

Polo PSOE participaron Francisco Reyes, María José Tobar, número 2 da candidatura, e Miguel Fernández Solís, número 23 e secretario de Política Territorial e Desenvolvemento Sostible na Agrupación de Santiago, e pola Delegación, a Presidenta e o Secretario.

18 de maio. **Reunión da Xunta Directiva cos candidatos de Ciudadanos.**

Javier Sánchez-Agustino, cabeza da candidatura, Juan José Maril, número 4, e Paola Pedrosa, número 6, por Ciudadanos, e a Presidenta e o Secretario pola Delegación.

28 de maio. **Toma de posesión dos novos compoñentes da Xunta Directiva da Delegación.**

Na Xunta Xeral Ordinaria celebrada en Ferrol.

22 de xuño. **Xunta Extraordinaria de Delegación.**

Nela, o Presidente informou de diversos asuntos de actualidade colexial e a nova Directiva presentou o programa.



Xullo. Lei de Patrimonio.

Participación de Miguel Serrano e de Javier Alonso de la Peña, membros da Delegación, na revisión polo COAG da nova lei de Patrimonio de Galicia.

31 Xullo-28 Agosto. Atención colexiados.

Para mitigar os problemas de xestión debido á falta de persoal, a Xunta Directiva establece un horario de atención aos colexiados. Os venres as 12:00h.

10 de setembro. Xunta informativa e de debate.

Debate e información sobre a situación do COAG e a Delegación de Santiago de Compostela.

17 de setembro. Manifesto dos colexiados da Delegación de Santiago.

Tra-la Xunta anterior, 28 colexiados firman unha carta á Xunta de Goberno.

Outubro. Día Mundial da Arquitectura.

Conferencia: “Leccións do patrimonio construído para un hábitat sustentable: materiais, clima, territorio, sociedade”, impartida por Alejandro Fernández Palicio.

14 de outubro. Colaboración co Concello de Santiago de Compostela.

Reunión con Jorge Duarte, Concelleiro de Urbanismo do Concello de Santiago de Compostela, para establecer liñas de colaboración.

18 de novembro. Pacto local pola mobilidade.

Reunión de debate e traballo respecto ao Pacto Local pola Mobilidade establecido polo Concello de Santiago de Compostela.

18 de novembro. Reunión con COGAMI.

Reunión de traballo con Manuel de Lario Alquézar e Raquel Alvite Tuñas da Confederación Gallega de Personas con Discapacidade (COGAMI), para fixar diversos camiños de colaboración.

14 de Decembro. Xunta Ordinaria de Delegación.

Nela, a Xunta Directiva informou sobre diversos asuntos de actualidade colexial, como a Asemblea do CSCAE, o arquivo e a biblioteca colexial.

Xaneiro a decembro. Reunións periódicas do Foro Cívico Empresarial.

Ao longo do ano, os membros da Xunta Directiva asistiron ás reunións periódicas do Foro Cívico Empresarial da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, no que se realiza un seguimento continuado dos problemas da cidade.

Xaneiro a decembro. Programa de arquitectura en Radio Galicia de Santiago de Compostela.

Ao longo de todo o ano 2015, os membros da Xunta Directiva da Delegación mantiveron unha intervención de 7 minutos de duración na programación local de Radio Galicia (Cadena SER), emitido os mércores pola mañá, na que se trataron multitude de asuntos de interese local e xeral, e fíxose promoción da arquitectura como medio para mellorar as condicións de vida dos cidadáns.

Xaneiro a decembro. Cursos, charlas técnicas e xornadas divulgativas. Charlas técnicas e xornadas de divulgación celebradas na Delegación de Santiago segundo a memoria adxunta xeral de xornadas e charlas.



DELEGACIÓN DE FERROL

Ó longo do ano 2015, a Xunta Directiva da Delegación de Ferrol e os seus Colexiados traballaron co fin de garantir uns servizos e ter unha axenda que permitise unha revalorización da nosa profesión. Para elo fixéronse as seguintes actuacións:

- Comezamos o ano cunha exposición, de Borja Muiños e Victor Rivera, na sala da delegación que comezou en decembro do ano 2014 e rematou o 9 de xaneiro do 2015.
- O 7 de Xaneiro do 2015, co gallo da festividade de San Xíao 2015, o Concello de Ferrol agasallou á Delegación de Ferrol do COAG coa Insignia de Ouro da Cidade. No acto valorouse a dedicación da Delegación de Ferrol á defensa e posta en valor da arquitectura da cidade.
- O 30 de Xaneiro tivo lugar a xuntanza e xantar anual dos Colexiados coa asistencia do 25% dos Colexiados da delegación.
- O 27 de Marzo firmouse un convenio co Concello de Ferrol para convocar un concurso de ideas co fin de acadar a mellor proposta para a nova sede da policía, bombeiros e protección civil. O devandito concurso anulouse por parte do novo goberno municipal tralas eleccións.
- Ó longo do mes de Abril, co motivo das eleccións municipais, a Xunta Directiva mantivo reunións coas distintas agrupacións políticas co fin de transmitir as necesidades do colectivo e da cidade.
- O 17 de Abril celebrouse unha conferencia de Odón Elorza baixo o lema “Situacións opostas: Ferrol-San Sebastián”
- 23 de Abril de 2015. Participación no Foro Voz na Fundación Abanca, tratando o tema “Convenio de Defensa. Propostas para a transformación urbana.”
- O longo da segunda metade do ano, a delegación traballou co Concello de Ferrol na redacción dun convenio para a execución dun novo concurso de ideas para a Praza de Armas.
- Do mesmo xeito ó longo do ano, mantivéronse reunións con distintos organismos municipais do ámbito de influencia, co fin de resolver problemas de incompatibilidade de técnicos municipais non capacitados para o seu posto; queixas de Colexiados polo trato recibido nas administracións, etc...
- En canto a temas de formación, plantexouse un plan de formación para o curso 2015-2016 en torno ó Informe de Avaliación de Edificios, que desglosase en pequenos cursos os aspectos máis relevantes. A primeira xornada tivo lugar o 26 de outubro baixo o título Informe de Avaliación de Edificios.
- Para rematar o ano, o día 22 de decembro servíuse na Delegación unha copa de Nadal coa asistencia do 20% dos Colexiados.

Secretaría

Asistiuse ás convocatorias da delegación e á convocada na comisión de secretarios na Sede Colexial, con data 4 de Xuño

1.- XUNTAS DE DELEGACIÓN

Circular 01/2015. Xunta Ordinaria de Delegación 29/04/2015

Informe do Presidente e sobre Memoria de Xestión 2014 da Delegación.

Asistiu o 10% de Colexiados.

Circular 02/2015. Xunta Extraordinaria de Delegación 04/11/2015



Relevo por cese voluntario do responsable da Comisión de cultura e nomeamento de D. Antonio Casal como novo responsable. Tratouse o tema do estado dos convenios que estaba a tratar a Delegación coa Administración e o Plan de formación para o ano 2015.

Asistiu o 10% de Colexiados.

Circular 03/2015. Xunta Ordinaria de Delegación 09/12/2015

Aprobación de actas e informe da Xunta directiva.

Asistiu o 15% de Colexiados.

Tesourería

Asistiuse ás convocatorias da delegación e ás convocadas nas comisións de tesoureiros na Sede Colexial, con datas: 4 de Xuño e 19 de Novembro

En canto á actividade económica xerada por cursos:

- Curso ITE, 15 de Outubro:
Inscripcións 40 (30 +10) + 1.687,50 €
Gastos - 89,06 €
Resultado +1.598,44 €

Así mesmo, recordar que a compra da nova sede para a Delegación realizouse no ano 2010 e que despois de convocar o concurso para a obra, para a cal estaba estimado un presuposto de 80.000,00 € +IVE., non obstante tanto a solicitude da licenza das obras e da apertura da nova sede foi abonada ó Concello. De non ser executadas as obras, deberá ser reclamada dita cantidade que ascende a:

Obra:

Taxas 312,55 €
Licenza Obra 2.969,23 €

Apertura:

Taxa 66,75 €

Total (total cantidade reclamable) 2.969,23 €

Comisión de Cultura

Dende a Comisión de cultura organizouse:

- Actos do Día Mundial da Arquitectura, consistente en dúas xornadas, a primeira cun roteiro pola cidade e a segunda de posta en común de reflexións e solución do estado da cidade.
- Presentación de alegacións ao anteproxecto de lei de patrimonio cultural de Galicia.

Comisión de Planeamento

Os traballos centráronse nos seguintes temas:

1-GRUPO TRABAJO DA LOUGA

Tras a presentación de alegacións ao Anteproxecto da LOUGA, se continuou traballando sobre a redacción deste documento.

2-ALEGACIONES AO PLAN ESPECIAL DE PROTECCION DE NEDA

29/03/2015 Reunión da Comisión de plan da delegación de Ferrol para analizar as posibles alegacións ao PXOM de Neda en trámite de exposición pública.

03/04/2015 Reunión para a análise do texto final de Alegacións.

04/04/2015 Presentación das Alegacións.

3-CONTINUACION DOS TRABALLOS PARA A PROPOSTA DE DOCUMENTO BASE PARA O PLAN TERRITORIAL INTEGRADO DA RIA DE FERROL



Continúase traballando e realizando xestións para a participación do COAG na redacción das bases e da documentación de propostas previas para a realización dun PTI para a área metropolitana de Ferrol, seguindo en parte, os criterios establecidos nas DOT.

Neste sentido realizáronse unha serie de reunións con alcaldes e concelleiros para estudar a viabilidade deste proxecto.

4-PROPOSTA DE CURSO DE GIS DA DELEGACION DE FERROL

O contar coas ferramentas informáticas para a xestión e análise da información sobre o territorio é unha necesidade demandada con frecuencia polos colexiados. Ademais o uso do GIS sería un dos elementos necesarios para iniciar os traballos da proposta previa para a realización dun PTI para a área metropolitana de Ferrol.

Buscar un equipo idóneo para a realización dos cursos e realizáronse unha serie de reunións para estudar a viabilidade destas xornadas en colaboración co concello de Ferrol cuxos técnicos desenvolveron traballos e aplicacións con estas ferramentas.